



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 20 DE DECEMBRO DE 2007

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martins Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
Dña. Teresa Perez Vieira
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dna.Emilia Giráldez Ramirez

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a vinte de decembro de dous mil sete, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, sinalando que como primer punto, aínda que non está na Orde do Día senón que está falado cos portavoces, debido a que hoxe se cumpren 100 anos do Concerto que tivo lugar no Teatro Nacional do Centro Galego de La Habana onde se interpretou por primeira vez o Himno Galego, e polo que se aproveita este intre para facer o correspondente e merecido homenaxe, procedindo a iniciar este Pleno despois da interpretación do himno grabado pola Banda de gaitas da Deputación de Ourense acompañada por María do Ceo.

1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES: Acta de 4 de outubro de 2007; Acta de 29 de outubro de 2007, Acta de 9 de novembro de 2007.

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros se teñen alegacións que facer ás actas correspondentes ós días 4 de outubro, 29 de outubro, e 9 de novembro de 2007, e non producíndose ningunha fican aprobadas por unanimidade.

2.-TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA DÑA. EMILIA GIRALDEZ RAMIREZ.

DÑA. EMILIA GIRALDEZ RAMIREZ procede ó xuramento do seu cargo como concelleira da Corporación de Baiona: “Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo do concelleiro con lealtade e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

O Sr.Alcalde dálle a benvida como membro da Corporación de Baiona.

3. APROBACION SE PROCEDE, DA MODIFICACION NUMERO CATRO DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANISTICA.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Concelleira de Urbanismo Dña. Ana Simóns, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDIA

“Iniciada a tramitación do expediente da modificación nº 4 do PXOU de Baiona, xurdida co gallo da iniciativa privada de desenvolvemento da Unidade de Execución nº5 a través dun plan especial e que ten por obxecto o reaxuste da delimitación da U.E. nº 5 e do PERI, incluíndo 4 parcelas e excluindo unha co fin de mellorar a conexión viaria entre a unidade de execución e o solo urbano de Baiona mediante a prolongación dun vial de 12 metros de ancho xa previsto no PXOM vixente.

Logo de obter o preceptivo informe da Consellería de Urbanismo, Obras Públicas e Transportes de acordo co disposto no artigo 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro modificada pola Lei 15/2004 no que se formulan determinadas observacións que xa han sido incorporadas e logo da obtención de informe da Consellería de Medio Ambiente no que se pon de manifesto que non é necesario someter o expediente da modificación núm 4 do PXOM ó procedemento integrado de a avaliación ambiental.

Considerando que o expediente foi sometido ó periodo de exposición pública polo prazo dun mes mediante inserción de anuncio no DOG núm.- 201 de data 17 de outubro de 2007 e publicación do diario La Voz de Galicia de data 18 de outubro de 2007 e Faro de Vigo da mesma data e foi remitido á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e concellos limítrofes. .

Resultando que durante o prazo de exposición ó público presentáronse distintas alegacións, CPI Covaterreña Asociación de Nias e Pais CPI Covaterreña Grupo Municipal do BNG D. Enrique Fernández Rodríguez e Dña. María Rosario Pérez Misa, D. Arturo Pereira Pequeño, Secretario Xeral da Agrupación Local de Baiona do PSdG-PSOE, D. Rafael Lores Rosal, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE e Dña.María Miniño González.

Resultando Que as alegacións foron informadas polo equipo redactor e logo da emisión do informe dos servizos técnico e xurídico e consonte o artigo 85 LOUGA, propoño ó Pleno da Corporación adopta-lo seguinte acordo:

1. Aprobación provisional da modificación nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona

2. Remitir o expediente a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a súa aprobación definitiva.”

SR. LORES, PSOE: En primeiro lugar como portavoz do grupo socialista quero dar a benvida a compañeira e desexarlle un bo mandato. Xa neste punto dicir que nós, o partido socialista, mantivemos unha liña coherente, xa no anterior mandato e con respecto a esta modificación. Entendemos que aquí non houbo por parte do equipo de goberno ningunha intención nin de consenso, nin de atender as distintas alegacións que se fixeron por parte de colectivos e particulares. Lamentamos profundamente que esta actitude perdurase durante case xa os 2 anos que leva este punto dando voltas por este Pleno, e agora atopámonos aquí ante, entendemos, unha aprobación sen ningún consenso por parte do equipo de goberno, utilizando simplemente a aritmética dos votos, e non atendendo nin respectando os distintos intereses dos veciños e simplemente mantendo interese particular e, lexítimo por outra parte, dos promotores deste PERI.

Lendo a documentación que nos foi facilitada, ó final recorda aquel famoso refrán “O amigo o favor, o inimigo non sei que, e ó resto da xente a lexislación vixente”. Eu creo que aquí o amigo está claro e os favores están claros, son os intereses privados duns promotores; o inimigo, teoricamente non debe ser ninguén, pero o resto da xente somos a lexislación vixente, e o único que se nos pon como contestación as distintas alegacións é que esta modificación é legal, e en ningún momento se discute da legalidade do procedemento, o que si é que nos discutimos é a intención política do equipo de goberno de atender ás demandas, as sensibilidades dos veciños e distintos colectivos que coa intención de chegar a un acordo para o interese público fomos presentando e fomos dalgunha forma, creo que con absoluto respecto e con boa forma, intentando introducir neste punto.

Aquí o informe xurídico case coincide, curiosamente, co informe da iniciativa privada, non sabemos se os servizos xurídicos están para defender os intereses dos veciños de Baiona ou están para defender os intereses privados, por tanto ahí xa non imos a entrar en mais debate.

O informe do técnico-arquitecto non contesta ningún dos puntos dunha forma clara, o único que di e que non hai ningún impedimento legal para facer a modificación, que eso xa o sabíamos.

O informe da Policía, a min, como pouco, sorpréndeme que a estas alturas e despois do que ten chovido se nos recomende pór bandas como unha das solucións, parece que as cousas empezan a dar certas voltas. Tamén fan referencia á ordenanza de ruidos, bueno, hai unha ordenanza de ruidos, todos sabemos cales son os límites pero tamén todos sabemos cal é a esixencia dese cumprimento, si esa ordenanza realmente, como aquí se di, se vai a cumprir nese espacio, entendemos que practicamente tódolos bares do Casco Vello teñen que estar pechados durante todo o ano; ou sexa que si se cumpre esa Ordenanza, que é a xustificación que aquí se da, entón isto vai ter efectos colaterais.

Tamén se di que haberá axentes, dotacións da Policía Local que dalgunha forma controle o acceso dos alumnos, profesores, e pais e nais, ó centro nas horas puntas; tódolos que temos ou tivemos fillos no colexio de Covaterreña sabemos como moitísimas veces a dotación da Policía local non podía estar alí por falta de efectivos, entón nos días de choiva ou cando había algunha aglomeración na entrada ou saída do centro aquilo é un perigo. Se por enriba incluimos ahí un vial da capacidade que se está a falar, o perigo multiplícase por 20.

Polo tanto, ben, o informe da Policía local é correcto e di que si se aplican as Ordenanzas e se cumpren as Leis non habería ningún problema, posiblemente.

O que se contesta ás enmendas que fixo o partido socialista, tanto no nome do seu Secretario xeral, como no do grupo municipal, é dicindo, primeiro, que non se garantiza o crecemento do Centro, o cal en ningún momento se consensuou coa comunidade educativa nada; hai un problema de seguridade, non se respeta a superficie que se lle quita ó Centro, non se compensa por outra; fálase de que se compensa con outro tipo de parcela dotacional, pero eso é outra cousa.

Tamén se desprezan as alegacións feitas pola asociación de nais e pais, donde se pon tamén de manifesto o perigo que esta modificación vai traer e a falta de sensibilidade do equipo de goberno cos intereses do ensino público en Baiona, tamén desprezianse esas iniciativas, non se lle fai ningún caso nin casi se contesta á Consellería de Educación cando di que o informe é negativo por parte do arquitecto-xefe da Consellería de Educación que informa negativamente esta modificación, tampouco se lle fai caso, e tampouco se atende á solicitude da dirección do Centro onde di exactamente o mesmo: que o centro vai estar perxudicado por esta modificación.

O grupo socialista pedimos en 2 Plenos, un, de forma oral, no primeiro que se aprobou esta modificación, e no segundo cunha moción urxente, pediuse a convocatoria urxente do Consello Escolar Municipal como órgano que podería aglutinar as distintas sensibilidades e por parte do equipo de goberno en dous plenos consecutivos rexeitouse esta posibilidade de falar coa comunidade educativa, e xa non solo do colexio de Covaterreña, senón de todo o Concello de Baiona. Entendemos que isto é un desprezo absoluto, e unha falta de sensibilidade absoluta ós intereses do ensino público, ós intereses de todos os baioneses que temos no centro de Covaterreña un exemplo de calidade educativa e de bo funcionamento.

SR. FERNANDEZ. BNG: Eu creo que non houbo ningún PERI ata o día de hoxe, por parte do Partido Popular, ou deste grupo de goberno, tan ben calculado nos tempos. Digo ben calculado nos tempos porque fai uns meses se presentou aquí, daquela perderon o voto do seu ex-socio o Sr. Benigno Rodríguez Quintas, desta non conseguiron a maioría absoluta por un concelleiro, pero si tiveron medios e formas para comprar o voto que lle faltaba. Teñen vostedes un interés desmesurado na aprobación deste PERI e o fan cun tempo calculado.

SR. ALCALDE: Sr. Fernández creo que o que acaba de dicir é grave. Ou o aclara e o retira ou creo tería que chamarlle a atención.

SR. FERNANDEZ. BNG: Faga o que queira, Sr Alcalde, eu dígolle que teñen vostedes un interés tremendo porque está calculado no tempo e digo porque.

SR. ALCALDE: Non, me refiro á compra, compra de votos.

SR. FERNANDEZ. BNG: Bueno, comprar me refiro con matices políticos, Sr Alcalde. Bueno, eso espero.

SR. ALCALDE: Pensei que vostede no Parador estaba aquel día tamén tomando un café.

SR. FERNANDEZ. BNG: Non, eu ó Parador fun a negociar co Sr. Vilar, igual que vostede. Eu digo compra, me refiro en termos políticos, espero. En todo caso decía que estaba moi ben calculado no tempo e, claro está, que si se houbera aprobado fai uns meses este proxecto, o Plan Xeral de Ordenación Urbana xa estaría fai uns meses presentado; quero dicir que si se aproba inicialmente o Plan Xeral queda totalmente fora de lugar a aprobación do PERI, ou así o establece a Lei.

En todo caso nos fixemos alegacións como varios veciños e curiosamente as alegacións non as contesta o Concello, ou sexa, o grupo de goberno nin a parte técnica, senón que as alegacións as contesta o propio arquitecto que fai o PERI; a min non me parece correcto esto, e de tal xeito que cada un fala da feira según lle vai en ela, polo tanto a unha das alegacións que se presentaron e das que aquí se debatiu en varias ocasións, foi de que o ámbito do PERI debía de ser ampliado porque, da maneira que se plantexa isto, os veciños de San Antón quedan condenados irremediamente a ter unhas condicións urbanísticas nunhas condicións miserables, ¿porqué?, porque non é o mesmo que un PERI teña unhas cargas que se poden amortizar cos beneficios que da o PERI a que todos

sexan beneficios e que non haxa cargas ningunhas, de tal xeito que o redactor do PERI di no informe, a unha das alegación que se presenta como posible ampliación do PERI, di: “La inclusión de nuevas parcelas y edificaciones generaría cargas para los nuevos propietarios, que previsiblemente no estarían dispuestos a admitir”, home claro, como se lle van a meter máis cargas ós promotores, evidentemente. Pero eso, Sr. Alcalde, é responsabilidade de vostede, de que as cargas e os beneficios se equilibren, que o desenrolo urbanístico neste Concello sexa equilibrado, e aquí non o son, aquí todos son beneficios e cargas moi poucos. Teñen vostedes por exemplo o PERI nº6 en Sabarís, onde hai un montón de cargas e hai tamén beneficios, e a cuestión está equilibrada e se vai desenrolar, pero deu moito traballo facelo, ¿porque?, porque está moi equilibrada; aquí non, aquí todo é meter no bote.

Tamén di o redactor “No existe expropiación por cuanto los terrenos afectados, salvo el del centro escolar, adquieren por su inclusión en el ámbito del PERI los mismos derechos urbanísticos que el resto de los propietarios incluídos inicialmente”, solo faltaría. Solo faltaría que se incluíra parte do colexio dentro do PERI e que non tiveran dereito ningún, esto cae de caixón, ou sexa, non entendemos a que ven esto. E nas alegacións que fixemos, en varias pon: “corresponde al Concello la respuesta”, evidentemente, porque nós fixemos fundamentalmente alegacións políticas, non alegacións técnicas. E nas alegacións políticas que fixemos, o representante dos promotores non nos contesta, e o Concello non nos contesta. Esa é a realidade.

Por outro lado non entendemos porque motivo esta premura na presentación deste proxecto, cando fai dous días nos presentaron vostedes a documentación para aprobación inicial do Plan Xeral e unha vez vista, moi por encima, temos que dicilo, porque a documentación nos deron na sala bastante limitada para poder vela, a zona de afección do PERI resulta que está en solo urbanizable non delimitado parte dél, polo que poden ver, e que dunha maneira ilóxica o vial que se supón que vai a conectar Sabarís con Baredo non ten ningún tipo de enlace con este PERI; eu non sei si agora no desenrolo deste PERI se vai a contemplar algún tipo de conexión ou non, pero creo que temos unha oportunidade de ouro para que isto sexa así, é dicir, está claro que o tráfico hai que sacalo da rúa Elduayen e está claro que a circunvalación prevista a través da autoestrada non vai a ser dabondo, e polo tanto temos que facer máis conexións; a conexión interparroquial reflexada no Plan Xeral a nos en principio nos parece correcta, temos que vela polo miúdo, pero se non lle damos saída a esa conexión, flaco favor vamos a facer.

Polo tanto, Sr. Alcalde, nesta cuestión hai moitas lagunas e creemos que esto debe ser integrado totalmente no novo proxecto da aprobación inicial do avance do Plan Xeral, e se debe ter en conta. Senón o fan así vostedes o que están facendo é hipotecar unha zona de maneira irremediable.

SR. VILAR, CMÑ: Despois de escoitar as intervencións dos portavoces, respetables, do PSOE e BNG, non me queda mais remedio que facer un análise en positivo, como realmente ten que ser na tramitación desta importante unidade urbanística que está contemplada no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Baiona, no Plan Xeral vixente, e que por suposto coincide plenamente co futuro Plan Xeral, xa que aquí teño unha copia, un extracto, e é perfectamente compatible. A tramitación deste PERI é positiva deste tódolos ámbitos que se mire, para elo vou a facer un análise minucioso da positividade deste PERI 5 para Baiona e para o centro de Covaterreña en xeral.

En primeiro lugar o Colexio de Covaterreña vaise ver beneficiado dunha zona de equipamento de 4.100 m². Esta zona é anexa ó propio colexio, que si ben por unha banda vai a perder 200 metros dun patio que practicamente lle era inservible, vai a gañar 800 metros, vai practicamente a cuadruplicar o que é o seu espacio escolar; incluso este espacio vai a posibilitar nun futuro unha ampliación do colexio si se desexa ou vai a mellorar considerablemente os espazos lúdicos e de esparcemento do propio colexio. Vai a ter anexa unha zona verde de aproximadamente 1.183 m², e

por suposto, anexa ó Concello, que vai a servir incluso para utilidade do propio colexio, unha zona de equipamento de 2000 metros cuadrados que é onde vai previsto que vaia a piscina municipal. Como ven vostedes, as zonas de equipamentos que se consiguen coa tramitación deste PERI son importantísimas, e ademais ubicadas nun entorno urbano, en torno a un colexio, en torno a unha zona deportiva onde está o Pavillón, onde están o Aral, practicamente no que é o centro de Baiona. Independentemente desta mellora cualitativa importante, ó Concello, coa tramitación deste PERI, lle corresponde o 10% da edificación, que nos vai a abrir incluso posibilidades para complementar e sacar novas ofertas de vivendas de protección autonómica, que é unha solución importante, de feito somos o único Concello que nestes momentos estamos ofrecendo este tipo de solucións á Xunta, polo tanto, mire vostede cantas cousas positivas de manexo da realidade urbanística.

O problema que parece ser que se centraba o debate (xa todo o mundo está de acordo con que isto é positivo, non creo que nadie poña en dúbida a mellora para ó Centro unha vez visto o desenrolo do futuro PXOU que vai a ser coincidente con isto que acabo de dicir) é cando entramos no tema dos viais, e cando se fala das alegacións é curioso que non se diga toda a verdade sobre as alegacións. O acceso a este PERI 5 vai a ter dous viais, ún que vai directamente dende o PERI ata a zona do pavillón de deportes, onde está a zona do cementerio en liña recta e outro que vai a ser transversal que vai dende o PERI ata a rúa Covaterreña, con un ancho de 12 metros; isto é moi importante porque precisamente ún dos grandes temores que tiña a comunidade educativa era que se anulara un de estes viales, porque así o pediu un dos propietarios do terreno que era afectado por ese vial, e son as propias alegacións as que din que isto non é procedente, e dende o goberno nós compartimos esa idea: que hai que manter os dous viais.

Esta posibilidade de manter os dous viais de cara a un futuro, e o que é a conexión deste segundo vial que vai transversalmente ata a rúa Covaterreña, eso será un problema que terá que resolver o Plan Xeral, e ahí hai posibilidades de facer alegacións, nos permitiría desviar o tráfico e que non pasara polo fronte do colexio, deixando a zona do Colexio peatonal.

Ademais o mantemento dos viais é dunha lóxica aplastante, non se pode suprimir ningún destes dous viais porque chegaríamos a o absurdo de que unha persoa que estivera na zona de Santa Liberata para acceder á futura piscina municipal tivera que dar a volta por Covaterreña, lóxicamente terá que ir polo vial que vai a quedar enfrente o Colexio de Covaterreña, que por certo, xa era un vial anterior á ampliación do propio Colexio e así estaba contemplada no Plan Xeral vixente. Polo tanto non se poden suprimir os viais que existen no plan; e creo que esa debe ser a política de calquera dos que estamos aquí, que non o dudo, e vostede, que eu lle coñezo de moitos anos, é unha persoa tamén obsesionada co mantemento dos viais, compartimos esta postura; outra historia é que estes viais poidan ser peatonales ou poidan ser de tráfico, pero eso xa depende da ordenación e das posibilidades que existan.

Véxase por onde se vexa, o desenrolo deste PERI é positivo para Baiona, é positivo para o centro de Covaterreña, é positivo para tódolos veciños da zona, é positivo para mellorar os accesos ó barrio de San Antón, porque que duda cabe que o actual vial de acceso a San Antón por Covaterreña é un vial estreito que apenas ten 4 metros de ancho e que hai unhas vivendas que alí están consolidadas e é difícil mellorar. E que duda cabe que nun futuro podemos xogar incluso coas direccións únicas, tanto no vial de Covaterreña como no novo vial que dalgún xeito vai a xenerar o desenrolo deste PERI. Aparte de eso si vostedes se fixan no desenrolo do actual Plan Xeral se contempla no centro do PERI unha rotonda con diversas solucións, polo tanto, analicemos por onde analicemos o desenrolo deste PERI, soamente hai que ver aspectos positivos.

As veces estes temas se intentan politizar e se fan alegacións que moitas veces eu quero pensar que poden ter aspectos constructivos, e ao mellor incluso no tema de ruídos é algo que temos que motivarnos todos para evitar que se produzan, e de feito, dice ahí que antes da aprobación definitiva hai que presentar un estudio de ruídos para diminuí-los que poida haber no centro, eu estou completamente de acordo con eso, e a diminución destes ruídos pódese facer diminuíndo a velocidade do tráfico colocando elementos disuasorios que diminúan a velocidade, non bandas

sonoras, existen outros elementos moito mais positivos; colocar barreiras de tipo vexetal ou laminas que poidan dalgunha maneira evitar o ruído; existen miles de solucións que poden resolver este problema. Polo tanto, queridos compañeiros portavoces, con tódolos respetos para as vosas alegacións, que por certo eu cando llas lein vin que efectivamente tiñan cousas que eran técnicas, outras que mezclaban técnicas con políticas, e que a veces as alegacións para que sexan positivas non fai falla que ocupen moitas follas senón que digan ainda que sea nunha sola folla realidades e asuntos concretos, que non se enrollen moito porque ó final ún se pon a leer as alegacións e se arma un rolo, máximo cando o PSOE presenta unha alegación o portavoz, outra alegación o Secretario Xeral, que é a mesma; do BNG o Sr. Fernández; e outras alegacións, que son normais, da Asociación de Pais, a do Delegado, que creo que o delegado se contradicen un pouco coas do propio director, creo que o delegado está un pouco en Babia, é decir, o señor non coñece a realidade de Baiona e fai unha alegación para sair do paso, alguén lle presionou e lle dixo: “tes que facer unha alegación. ¿A ver, que queres que faga?”, a fixo e resulta que non ten peso ningún e parece mentira que un Delegado poña a súa firma ó facer unha alegación sen coñecer a realidade.

Visto todo esto quero dicir que o Colexio de Covaterreña vai a mellorar, a zona vai a mellorar, Baiona vai a ganar moitísimo e eu espero que nesta lexislatura todos nos podamos bañar na piscina, o espero e desexo.

SRA. SIMÓNS, P.P.- Pouco teño que engadir ó xa dito por Manolo porque é unha explicación do que se ten previsto no novo Plan Xeral, as diferentes posibilidades que pode ter o vial, sexa desde o punto de vista peatonal, con pasos de cebra elevados; iso todo é o que se está comentando para que poida ter algunha modificación pero dende logo esto leva ocorrido en moitas rúas en Baiona, como na rúa Calabera Pinta, que era de dobre sentido e agora é de único sentido.

Decir tamén que se dotará ó Colexio con máis do dobre dos metros cadrados, porque o que si di o Delegado con respecto ós metros cadrados do patio, él mesmo fala de que ten pouca posibilidade de xogos como pode ser o balonmán ou outro tipo de deportes, entón, nesta nova dotación con 890 metros cadrados, si que se poden facer outro tipo de deportes.

SR. LORES, PSOE.- Isto empeza xa a ter algún sentido, a min sorpréndeme o dito polo Sr. Vilar e asumido polo PP, polo tanto entendemos que é a mesma opinión, di que todo o mundo está contento, a min que mo expliquen; di que a Comunidade escolar está moi contenta con todo isto e temos unha alegación da Consellería (non do Delegado), da Consellería, con un informe técnico e firmado por D.Benito que é o Secretario Xeral, o Delegado creo que o único que fai é tramitalo (non sei si o tramita ou non, non a vin aínda); que todo o mundo está contento e resulta que temos á Asociación de pais e nais do Colexio en contra, temos á Diiirección en contra, temos á Consellería en contra; do Consello escolar dese centro o único que está contento é o representante do Concello, é o único que está contento, o resto non solo se manifestou en contra senón que fixo alegacións, e incluso cando falamos de dirección única, o señor que decía “temos que xogar coas direccións únicas”; non, xa están xogando, é a única dirección: do Concello para diante; nunca hubo outra dirección que recibir a información por parte da comunidade educativa; vostedes non están xogando, están impondo a dirección única; metéuselle a algúen na cabeza, con razón ou sin ela, facer un vial, e pase o que pase, digan o que digan, ese vial se vai facer; e nós xa o tiñamos, Sr. Vilar e Sra. Ana, xa o sabíamos; pero escoiten, consensúen, falen, dialoguen, teñan prácticas democráticas, porque curiosamente o outro día houbo aquí unha xuntanza e a partir de ahí algo saíu de ahí, iso tiña que haberse feito moito antes; si ese diálogo ó final todos decimos que pode ser positivo, pois teñamos esa sensibilidade; ¿que é necesario que ese PERI teña servizo?, por suposto, todos o sabemos, pero aquí hai outras solucións, unha das que decía o Partido Socialista era ampliar o PERI; podería ser, ao mellor hai outras, pero non se encerren vostedes na única solución de facer eso porque si, porque si, e porque si; ao mellor hai outras solucións, ¿que vostedes queren facer unha piscina?, ¡fágana!, pero facer unha piscina para poder ir un día calquera de nós a pegarse un baño ás 8 da

tarde, non poñamos antes en perigo a seguridade dos nosos fillos. Vaiamos con xerarquías e con prioridades, esas son as únicas cousas que nós decimos.

Hai unhas razóns e hai outras, o goberno neste momento cree que o imprescindible aquí é facer ese vieiro, sexa como sexa, en contra do Colexio, en contra dos nenos, en contra de Covaterreña, fágano vostedes, pero non digan que o resto estamos contentos, esos favores casi non os queremos, e para decir que nos favorece, pregunten; si lle vai a favorecer ó colexio, pregúntenllo, eles sabrán, ¿quen ten que dicir si é bo para o Colexio?: a Comunidade educativa; ¿qué ao mellor o colexio ten outras solucións?, pois o mellor tamén as ten, pero falen.

Nós vamos a votar, por suposto, totalmente en contra desta modificación; e o único desexar que no próximo ano que estas festas de Nadal e de harmonía nos invadan a todos con un pouquiño de principios de consenso, de diálogo e de práctica democrática; esperemos que para o ano este tipo de prácticas coa Navidad que nos protexe comenzan a funcionar. Moitas grazas.

SR. FERNANDEZ. BNG.- Sr. Vilar, si me permite un simil, vou a dicir que vostede é como unha pitón, canto mais me quer, máis me estrangula, mais me mata; cada vez que me quer pór rico, me arruína; e cada vez que vostede quere facer algo bo por algúen, o estrangula. Di que vai a gañar o colexio, pois mire, eu creo que non, porque as manifestacións do Consello, da Dirección, da AMPA, e da Consellería dicen que non; algo estará pasando.

Vostede di que é positivo todo o que vai suceder ahí; pois cando todos dicen que non algo haberá, señora concelleira; terá que tomar algunha medida a Concelleira de Urbanismo, digo eu, e o señor Alcalde; digo eu que non van a superpór os intereses de seguir tendo 9 votos neste Concello aos intereses de tanta xente.

E digo os intereses dos 9 votos porque o que está claro é que este PERI se aproba antes do Plan Xeral porque ahí vai a haber unha piscina e eso forma parte dun pacto, e ese pacto, loxicamente, Manolo Vilar exige que se cumpla; senón perdemos 9 votos, está claro. A piscina nos vai a sair cara ó final.

Eu me acordo perfectamente de como o PERI núm..2, gobernando vostedes, en Sabarís, se aprobou fai ben pouco por silencio administrativo; esa é unha realidade; é dicir, a vostedes, o urbanismo, resbálalle excepto cando hai un interés, que neste caso é ubicar a piscina.

E a teima que ten Manolo Vilar, porque para él Baiona primeiro, Baiona segundo e Baiona de terceiro, e xa non lle queda sitio donde meter a piscina, ten que crear un novo espazo como é o PERI nº 5 para ubicala.

Si lle dera por montar unha plaza de toros sería no centro de Baiona, non sabemos onde (oxalá non, eh, non vaia collendo ideas raras), pero iría no centro de Baiona. Nas parroquias é ilóxico pensar nunca que se establezan dotacións, imposible.

Falou vostede da creación de vivendas de protección, pois si esperan 3 meses en vez do 20% do solo teñen que ceder o 30, por Lei; o 30, é dicir, un 10 mais, polo tanto, esperen tres meses máis.

Neste Concello parece que da a sensación, sobre todo nestes últimos días, que o novo equipo de goberno quere dar unha imaxe de transparencia, creando Comisións de urbanismo, dando información, e nos parece perfecto, correcto, pero Sr Alcalde, deixe de pasar o rodillo. Deixe de pasar o rodillo e antes de traer cuestións aquí, consensúen. Chamen ás partes implicadas e falen con eles; porque aparte que co colexio non contaron para nada é que hai veciños cos que tampouco contaron. Nin vostedes nin os promotores. Isto é dunha chulería suprema; porque non soamente os que van a estar dentro do PERI van a estar vinculados nesta cuestión, os que están fora tamén.

Hai veciños que están fora do PERI, que para dar acceso a este PERI van a ter que ser expropiados. E certo que o vial se contempla no Plan Xeral, ¿pero quen vai a pagar esas expropiacións?, ¿o Concello?, ¿o Concello vai a pagar unhas expropiacións contempladas por un vial os veciños para darlle saída a un PERI promovido por promotores inmobiliarios?, ¿vamos a pagar tódolos veciños ese vial? ¿por qué non ampliaron o vial ou o ámbito do PERI?, dígovos eu: porque si amplían entran na zona da area dos 500 metros e non poden desenrolalo, esa é a realidade; é dicir, aquí hai cousas rarísimas por tódolos lados, pero moi ben controladas e moi ben calculadas por parte de quen as fixo.

Nos, por suposto, vamos a votar en contra, non porque si, nós apoiamos o desenvolvemento urbanístico de Baiona, o desenvolvemento sostible. E xa para rematar, Sr. Vilar, eu me imaxino que si estivera vostede empregado, non cobrando o soldo do Concello e si de mestre do instituto, me imaxino que non diría o de que o Delegado que está en Babia. Moitas grazas

SR. VILAR, CMÑ: Simplemente facer unhas puntualizacións: mire, despois da reunión doutro día o Sr. Director do colexio de Covaterreña, un exconcelleiro e unha persoa que eu aprecio, porque é unha persoa que lle gusta o urbanismo e que entende ademais, cando recibiu o plano de como ían a quedar as zonas dotacionais do propio colexio, e que a cambio de 200 metros lle daban 800 e que quedaba unha piscina e unha zona verde nesa mazá anexa ó Colexio sen ningunha edificación, quedou contento e recoñeceu que é unha cousa interesante, e lamentaba que non a coñecera antes. Eu lle dixen claro, que eso dependía antes do equipo redactor do plan, e que eu tampouco o sabía exactamente, e quedou plenamente satisfeito.

Por outra banda lle digo que os viais que se manteñen é algo que dalgún xeito pensaban, ó mellor, que se ía suprimir o vial transversal, pero o vial transversal entre outras cousas non se suprime porque lle afecta a unha finca única e pode o Ayuntamiento facer ese vial e os propietarios desa finca terán unha compensación urbanística cunha edificabilidade que é a que lle marca o plan, a que por Lei lle corresponde, que eu non vou entrar si é moita ou pouca.

En canto o outro tema que vostede tocaba de que o Sr. Vilar solo se preocupa de Baiona, mire, eu, cando se tramita un PERI, de verdade que teño unha obsesión, que é que se respeten os viais e que as zonas dotacionais públicas sexan as mellores posibles; e vostede sabe que eu defendín que en Sabaris, en plena avenida urbana de Sabaris, se xuntara a zona dotacional do PERI 3 coa do PERI 4, co obxecto de ter ahí unha zona unificada que nos posibilitara a construción dun segundo pavillón deportivo en Sabaris. O que pasa é que daquela eu no Pleno quedei un pouco descolocado porque non tiveron apoio de goberno, incluso se suspendeu o Pleno pero logo hubo un concelleiro que en vez de apoiarme abandonou o Pleno, vostede xa sabe, e ademais lamento que vostede non me apoiara. Posiblemente esa era unha zona idónea para facer ahí un pabellón, unha piscina non, porque realmente a zona de Sabaris, entendo que xa conta coa piscina de Ramallosa.

Sr. Fernández, vostede a min nunca me poderá censurar de que non me preocupo das zonas dotacionais nas parroquias do Concello porque eu entendo o Concello como unha unidade; non como vostede, que da a impresión de que para vostede é Sabaris e o resto son invasores; non é así; sabe que Baiona é unha unidade completa, a pesar de que algúns dos talibáns do Bloque queren definir unha cousa distinta. De tódolos xeitos creo que este é un proxecto importante para Baiona e lamento que non voten a favor. Nós vamos a votar, moitas grazas.

Polo Sr. Alcalde sométese a votación o presente punto, que di que “as alegacións foron informadas polo equipo redactor e logo da emisión do informe dos servizos técnico e xurídico e consonte o artigo 85 LOUGA, propoño ó Pleno da Corporación adopta-lo seguinte acordo, previo dictame da Comisión Informativa que foi positivo”, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte 8 votos en contra (6,PSOE, 2,BNG).

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

- 1. Aprobación provisional da modificación nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona desestimando as alegacións segundo informe do equipo redactor da modificación.**
- 2. Remitir o expediente a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a súa aprobación definitiva.**

4. APROBACION SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE EXPLOTACIÓN DO PUNTO LIMPO.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Manuel Ramón Vilar, CMÑ.

SR. VILAR, CMÑ: Realmente, este punto, o número 4 e o número 5 practicamente, vou intentar expórlo dun xeito resumido, non quero leer todo porque son 3 tochos importantes, como dalgún xeito se lle expresou a vostedes na Comisión informativa.

Evidente aquí hai un Prego de condicións económico-administrativas, se vai a presentar, para contratar en réximen de concesión o Servicio de recollida de envases (contenedor amarelo), papel cartón (contenedor azul) e da explotación do punto limpo e recollida de vertedoiros incontrolados do concello de Baiona. Queda fora o da recollida de vidro porque eso é un convenio que vamos a facer con ECOVIDRO que é por outro bando pero tamén estamos en elo.

Se presentan agora o prego de condicións económico administrativas e ó de condicións técnicas. O de condicións económico administrativas, dalgún xeito son as obrigacións e dereitos xenerais de todo contrato administrativo e a súa tramitación. O de condicións técnicas é a forma de prestar o servizo, e logo está o Regulamento do punto limpo. O que se busca é unificar todo este tema de tal xeito que a recollida e a xestión do punto limpo estén en mans dunha soa empresa porque entendemos que isto é moito mellor.

Hai un obxecto do contrato que sempre vai a ser en réximen de concesión e explotación do punto limpo; hai un ámbito territorial que dalgún xeito abarca todo o concello de Baiona e se trata de que a empresa concesionaria futura se encargue do traslado a esta planta de transferencia que se atopa situada na parroquia de Bahiña. Hai un prazo de concesión que ten unha duración de 2 anos prorrogables a outros 2 e supeditados no tocante a recollida de envase, papel e cartón o convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e ECOENVES.

O concello de Baiona, incluso dentro destes pliegos que vostedes teñen, resérvase o dereito a deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento se o xustifican razóns sobrevidas de interese público, mediante o resarcimento de danos a empresa concesionaria como non pode ser de outro xeito.

Hai un prezo que é un canon que se establece por o servizo de Xestión do punto limpo de 11.000 euros, iva engadido. Logo hai outro canon de 36.000 euros polo servizo de recollida de intertes, poda, escombros. En fin, vostedes aí este tema dos prezos xa o teñen aí no prego.

Hai unha serie de obrigas que ten o concesionario como é a execución dos servizos que se relacionan coa prestación de obxecto de estes concursos. Admitir a toda persona que sexa de alí, pero que dalgún xeito sexan residentes do concello de Baiona, as coordinacións coa entidade municipal, a supervisión do personal.

Hai uns dereitos que ten o concesionario, unha serie de facultades que ten o concello, que isto si é importante, sobre todo as facultades, como ordenar discrecionalmente os servizos concedidos para implantar modificacións que aconsellen o interese público, poden xurdir o longo dunha lexislatura cantidade de temas; fiscalizar a xestión do concesionario, incluso impor o concesionario sancións previstas si non cumpre, rescatar o servizo, suprimir o servizo, declarar a caducidade da concesión segundo o establece a cláusula 12, etc. Fala tamén do desenvolvemento dos servizos, dos prezos a pagar, das compensacións das modificacións, da actualización de prezos. En fin, todo isto o contempla o prego de cláusulas administrativas.

Logo, en canto a forma de como se vai impartir este servizo, de condicións técnicas, fala dun horario de apertura ó público de mércores a sábados de 10 a 2 e de 4 a 8 e os luns de 10 a 14 horas. Fala tamén das posibles modificacións de horarios, do tipo de vehículos que poden acceder ó punto limpo, se autoriza a todo tipo de turismos admitindo a súa entrada. Os vehículos distintos ó turismo admitise

a entrada hasta 3500 kilogramos. Das obrigacións do concesionario de prestar o servizo de acordo co previsto no presente prego, vostedes teñen ahí todo esto.

O alcance básico do servizo a desenrolar pola empresa concesionaria, de atención telefónica ós veciños sobre o punto limpo, de ese senso o concesionario instalará unha conta propia, un teléfono no punto limpo pagando asimismo os recibos periódicos derivados de este tema. A recollida de residuos inertes, podas escombros domiciliarios polas diferentes parroquias do municipio e seu posterior traslado ó punto limpo. A frecuencia de recollida será como mínimo semanal, procurando en todo caso que os contenedores non revertan e non acumulen desfeitas ó lado dos mesmos. Tamén contempla que a recollida e transporte dos envases do contenedor amarelo nos términos establecidos na cláusula 5ª do prego, a frecuencia da recollida será tamén como mínimo semanal. Recollida e transporte de papel cartón nos términos establecidos na cláusula 6ª do prego e a frecuencia de recollida como mínimo semanal nos meses de abril a setembro e tamén no mes de decembro. O resto dos meses a frecuencia de recollida será como mínimo cada 15 días. Recollida dos vertedoiros incontrolados previo informe do servizo de medio ambiente; este é un dos temas que nos preocupan bastante, os vertidos incontrolados que podan xurdir, e loxicamente aquí neste prego tamén se lle vai a contemplar eso. Tamén ten a obriga da recepción e identificación, clasificación e depósito dos residuos, transportes, pago do canon, etc..

En fin, este é un prego moi extenso que todos vostedes coñecen. Fala incluso da recollida do contenedor amarelo, que é a selectiva dos envases lixeiros. Nos evidentemente houbo un cambio no convenio coa Xunta de Galicia entón con relación ós contenedores amarelos a empresa adjudicataria asumirá de Sogama a amortización pendente dos mesmos e comprométese á reparación daqueles, porque algúns deles están aínda pendentes de pago, porque hai un canon que se establece que se vai descontando anualmente, entón esta empresa se compromete a restituír e asumir este gasto que hai en relación con Sogama porque a partir de agora Sogama deixa isto. Fala tamén do lavado, que é un mínimo de tres veces ó ano e logo da recollida do contenedor azul, eso é para papel cartón. Fala das facultades administrativas, da oferta técnica económica, das proposicións técnicas, que isto é moi importante. Na proposición técnica que presenta a empresa tendrá que falar de medios humanos que poidan presentarnos, medios materiais, da xestión interna, da adaptación dos residuos, do destino dos residuos, logo tamén fai una proposición económica e todo isto vaise a publicar no Diario Oficial da Provincia para que teñan a máxima transparencia. Logo tamén presentamos aquí un regulamento do funcionamento do Punto Limpo, si ben isto é outro punto distinto.

SR. ALCALDE: Si queren podemos coller os 2 puntos xuntos ou discutilos independentemente, ¿facemos xunta a discusión?, digo a discusión e logo a votación, como vostedes queran.

SR. VILAR. CMÑ.- Prefieren por separado, moi ben, deixamos o regulamento. En fin, estes creo que son os temas de cláusulas administrativas, calquer dúbida que poidan ter é un tema mais que nada de Secretaría, de Intervención, pola natureza do tema. Non obstante nos cremos que isto foi un tema que estivo moi estudado, moi elaborado. Nos basamos na experiencia que temos hasta agora, nos basamos na realidade que ten o noso concello e se fixeron algunhas modificacións que creo que son interesantes, polo tanto ahí está este punto que é o que nos expomos por si teñen algo que decir.

SR RODAL. PP: Primeiramente darlle como non podía ser de outra maneira a benvida á nova concelleira da corporación municipal. Con respecto o punto que nos atañe agora mesmo, como moi ben se reflexa en esta intervención por parte do Concelleiro de Medio Ambiente, o obxectivo de este expediente de xestión de explotación do punto limpo é crear unha xestión integral do servizo de recollida e xestión posterior do cartón, dos residuos inorgánicos, limpeza dos vertedoiros incontrolados en sincronización coa xestión completa do punto limpo. Desta maneira unha sola empresa xestionará de unha forma simultánea todos estes traballos que ata agora desenrolaban

catro empresas diferentes. Con esto preténdese axilizar o servizo así como optimizar custos e sempre dentro dun marco onde a empresa adxudicataria queda sempre informado o concello que en todo o momento verificará e fiscalizará a xestión da empresa concesionaria. Para finalizar felicitar a xestión nos pregos de condicións tanto da intervención, da secretaría como a labor da concellería de medio ambiente.

SR. ESTEVEZ. PSOE: O grupo municipal socialista entende que tanto o punto número 4 como o número 5 o que nos presenta o equipo de goberno é un modelo tipo eu creo que en calquera concello. Realmente a xestión do servizo público da explotación do punto limpo como o seu regulamento entendemos que é unha xestión de goberno, polo tanto nos non vamos a entrar neso. Unicamente facer dúas observacións. Unha o horario de apertura non é de mércores a sábados, é mércores e sábados, nos parece corto; e por outro lado non hai solución, por exemplo, ós veciños e veciñas de Baiona co tema dos escombros nas pequenas obras que poda facer na súa casa, porque aquí nos deperfectos eses escombros non teñen saída no punto limpo e tamén que solicitamos que se lle informe e se asesore os veciños para todos aqueles residuos, escombros ou similares que non estén recollidos no punto limpo. Moitas grazas.

SR. FERNANDEZ. BNG: Compañeira Emilia benvida a corporación, disculpa que co entusiasmo do debate se me halla pasado. Bueno, non sei se darche a benvida xa ves que isto non é o edén. Pero bueno en todo caso estamos contentos de que esteas aquí connosco. Vamos a centrarnos no debate de hoxe, no punto de aprobación se procede do expediente de xestión do servizo público de explotación do punto limpo. Ben isto é nin mais nin menos que privatizar parte da recollida de lixo, a privatización pura e dura. O primeiro punto limpo que se creou neste concello o fixen eu cando estaba gobernando no BNG con a Concellaría de Vías e Obras e o fixen porque era un descontrol total os vertidos incontrolados que había por todo o concello, simplemente porque non había onde botalos e os veciños dalgunha maneira tiñan que resolver o problema. Se botaba en Silleiro, de un día para outro se pechou, ben péchao pero sen alternativa. Me acordo dun pleno non moi lexano, creo que foi ó pouco de polos a moción de censura, que o señor Vilar me acusou de crear un barril sin fondo, que tiñamos alá arriba nun espazo nin moito menos similar ó que ten agora o equipo de goberno. Cando eu preguntei á Consellería de aquela de medio ambiente, das mans do partido popular, si había finazamento para puntos limpos nin me contestaron, nin me recibiu o delegado, non cheguei ni a falar co delegado, falei coa secretaría. Agora mesmo o goberno da Xunta, sensible con estas cuestións, púso a disposición do Concello de Baiona, de outro cor político un punto limpo moi ben preparado, moi ben montado, hai que dicilo porque é así. Eu xa estiven alí e o vin e si está ben. Evidentemente a xestión dun punto limpo para o Concelleiro de Medio ambiente é un problema máis, evidentemente. Coa privatización deste problema o que se fai e botar pelotas fora. É dicir, moito menos traballo para o Concelleiro de Medio ambiente, non sei se eso ó final se vai resolver, xa que si lle sacan cargas haberá que sacarlle tamén emolumentos porque claro vai a traballar menos, entón tendrá que cobrar menos, digo eu. Por outro lado efectivamente supón unha carga de xestión importante. Nos daquela evidentemente tivemos que contratar, primeiro habíamos feito con Redomas, non habían funcionado; fixémoslo seguidamente con Couceiro, facíanlo correctamente, con nos sempre funcionou ben, non sei agora como estaba funcionando. Tiñamos que coller o soporte de empresas privadas do Concello, naquel caso era Manolo Lemos que colaboraba connosco para a recollida de inertes voluminosos e podas. Na xestión que estábamos facendo tiñamos previsto comprar unha trituradora para eliminar casi o que é o 70% dos gastos do punto limpo no que se refire a transporte o seu destino final, casi o 70% son de podas. Tivemos unha oportunidade fantástica para eliminar ese gasto cando o BNG trouxo unha moción para integrarnos dentro da Mancomunidade na planta de Biomasa e este pleno votou en contra. Tivemos que buscar recipientes feitos de maneira casera para por por todos os locais de Baiona para recoller as pilas. Tivemos que facer un traballo importante. Agora mesmo coa privatización da xestión o que vamos facer é cargar máis as arcas municipais, evidentemente, porque si a xestión do punto limpo valía x agora vai a valer x mais y que é o beneficio

industrial da empresa que o vai a xestionar, evidentemente. Si polo tanto o Concelleiro delegado desa xestión vai seguir cobrando o mesmo, vamos a ter un incremento do gasto na recollida do lixo ¿Para que?, para comodidade do Concelleiro de turno, non para mellorar o servizo nin muito menos. Esta é unha privatización como se fixo cando se fixo a privatización da auga. ¿O é que si os servizos municipais dispuseran da infraestrutura humán que ten espina y Delfín iba a estar peor servida? No, iba a estar muito mellor y mais barato. As privatizacións non sirven para resolver os problemas, nin mais nin menos, unha privatización hai que facela cuando o gasto que hai que afrontar é tan elevado que o concello no pode levalo adiante. Efectivamente, en este caso a xestión do punto limpo tiña que ser o transporte dos contenedores tiña que facelo unha empresa privada, evidentemente que si. Non vamos a comprar nos trailers para levar ó punto final todo o material que se recolla no punto limpo, evidentemente que non. Pero a xestión debe ser municipal. Nos non vamos a apoiar nunca a privatización dunha xestión dun servizo municipal, nunca. Nunca porque está demostrado que da resultado económico negativo. ¿E quen paga esto? O concello, que ó final son todos os veciños. Nada mais, moitas gracias.

SR. VILAR, CMÑ: Eu non sei, creo que por unha banda o que acaba de expor o partido socialista me parece correcto, este é un tema casi tipo de todos os concellos que se sacan estes pliegos. En cambio creo que o Sr. Fernández se equivoca a veces en facer certas matizacións e non se da conta de que a propia Xunta vai deixando cada vez máis que esta responsabilidade a xestionen os propios concellos. A proba está que Sogama xa non vai a asumir a recollida do papel, do cartón e dos envases e que nos obriga a nos a tomar estas decisións, porque de algún xeito este é un tema que hai que privatizar. Non solo por eso senón porque hai que depositalos en certos lugares que non existe ningún proxecto público que podamos asumir. E me estou referindo incluso o que vostede fixo da Mancomunidade do Val Miñor, da xestións da Biomasa, eso está en pañales Sr. Fernández. Eso está en pañales. A proba está en que os presidentes da comunidade de montes do Val Miñor estivo o outro día na mancomunidade e a verdade e que ten a cousa como unha idea pero non é capaz de transformala nunha realidade inminente. A proba está en que nos cando intentamos levar durante este verán as algas de nosas praias a ese sitio, porque enriquecían en iodo de algún xeito o compós, cando chegaron dous camións xa se asustaron e nos dixeron que non querían mais. Non hai capacidade de momento para asumir ese tema. E un proxecto que está, repito, en pañales e é posible que o mellor dentro de catro ou cinco anos poida empezar a funcionar dun xeito periódico con capacidade para asumir os residuos que generan os concellos. Polo tanto creo que a postura do concello municipal de unificar a recollida, ademais con empresas privadas que vostede mesmo dice que tamén tiña contacto con elas, porque vostede se contradice fala de Couceiro, fala do outro, ¡Vostede foi o que introduxo as empresas privadas no ayuntamiento no punto limpio, vostede! e agora que pasa. Que agora vostede as quere votar. Por favor Sr. Fernández coherencia, coherencia e responsabilidade. Vostede foi o que introduce as empresas privadas e agora dice “no, eu voto en contra das empresas privadas”. De verdad como se come esto. Bueno, a xestión, como queira. Pero dígame ¿Cómo é esa contradicción? Porque a veces usted todavía ten na mente os do non, ustedes son os do non, son os do non. Polo tanto creo que este é un pliego de cláusulas que se axusta a realidade e polo tanto creo que hai que levalo adiante, porque o Sr. Fernández polo que vexo pois nos está falando dunha situación ideal e intenta justificarse para votar que no, pero nos creo que hai que votar que si, e nada mais. Moitas gracias Sr. Presidente.

SR. RODAL. P.P: Seré breve. Decirle o Sr. Estevez que os horarios non é tampouco como comentou el. Os mércores e sábados é de mañan de tarde e os luns, eso verémolo nos próximo punto, os luns tamén está aberto o punto limpio. Usted dixo que era un horario... es os luns, mércores e sábados de mañan e logo os mércores e os sábados de tarde tamén. Hemos visto un montón de puntos limpos e creemos que é un dos que teñen un dos mellores horarios.

E con respecto o Sr. Fernández decirle que antes fixo mención do anterior delegado da anterior Xunta, de que non lle atendeu. Pois a nos nos pasou o mesmo, está aquí o alcalde para verificalo.

Cando viu unha vez a revisar as obras da creación do punto limpo que temos agora en Bahiña, pois viu o delegado, estaban todos os representantes que agora mesmo están na oposición e sen embargo non tivo a dignidade de chamar o Sr. Alcalde, que é o representante do municipio, para que fora a ver as obras. Os que estamos gobernando eramos nos. Eu de aquela era o Concelleiro de Medio Ambiente e o alcalde daquel momento foi o Sr. Almuíña. Creo que foi unha falta de respecto vir a ver unhas obras dunha petición nosa e que obviamente o delegado si apareceu, vostedes estaban case todos alí, non sei como se enteraron, pero nos aparecemos por un chivatazo. Obviamente o delegado tiña que haber informado a persoa máis importante da corporación, que é o alcalde. E despois tamén dicir un pouco o que comentou o Sr. Vilar, que como se atreve usted a hablar de privatización si ustedes aparte de traballar con Couceiro, con Lemos, tamén tiña antes unha empresa privada que era a que facía o servizo de limpeza que era Cespa. Que obviamente, como eu sempre conto nos plenos, Cespa tiña uns camións de alquiler, tiña uns choferes, tiña uns operarios e eso era privatización a persar de que ustedes non tiñan contrato, que de feito se esto se saca agora é para poderlles pagar cada ano e meterllo dentro dos presupostos. Entonces non faga demagogia. Moitas grazas.

SR. ESTEVEZ, PSOE: Grazas Sr. Alcalde. Non entrei nos mércores e sábados no detalle. Unicamente correxía o Sr. Vilar de que non era de mércores a sábado, nada máis. O partido Socialista distingue perfectamente o que é unha concesión e unha privatización. E sigo argumentando o de antes, anuncio o noso voto que é de abstención. Grazas.

SR. FERNANDEZ. BNG: Eu xa non sei ni por onde empezar Sr. Alcalde. A ver si non se escojona de risa esta vez. O Sr. Vilar cando lle entra a vena pois... Si, si está ben Manolo, está ben. Isto é un debate político e ten que ser así, a min non me parece mal. Cada un defende o seu. En todo caso, vamos por partes. Pode ser que a planta de Biomasa estea en pañais, pero evidentemente en esta sala se voto en contra de entrar en ese tipo de proxecto. Menos por BNG por todos. É un proxecto ambicioso de moito diñeiro e que necesita moito tempo para polo en marcha. En todo caso parece ser que vai instalado en Vincios. Creo que ó final teremos que engadirnos así porque é de sentido común que así sexa. En todo caso teño que dicirlle que cando eu collín a Concellaría un dos problemas máis gordos que tivemos foi encaixar as algas. As algas era un problema tremendo. As algas que nos non podemos manter nunha praia dun concello onde se enche de visitantes e de veciños e que solamente con dous días que estean tiradas na area provoca a creación duns microorganismos que se transforman en mosquitos e que son moi molestos, aparte do cheiro que botan e do incómodas que son. Esta solución se trato de buscar incluso na Cañiza, na planta de Biomasa que hai na Cañiza. Se fixeron estudos económicos, de todo tipo e a solución conseguímolos e foi unha solución sostible, resulta que problememente lle sala mellor a solución que tiñamos nos en aquel intre que levar incluso as algas a Vincios si llas aceptaran. E a solución ven sabe que foi por uns carteis por todos os barrios deste concello regalándolle os veciños, levándolle gratuitamente os veciños as algas as súas parcelas para transformalas en abonos. O que sempre sucedeu e que antigamente se facía cos carros dos bois e das vacas, pois foi o que fixemos nos con tractores pagados polo concello e foi dese xeito a maneira máis económica de desfacernos das algas. Porque teña por seguro que lle vai a saír máis barato repartir as algas por Baredo, Sabarís, Belesar, Baiona e Bahiña que levalas a Vincios. É unha cuestión de distancias. Polo tanto esa é a miña solución. Que vostedes non queren adoptala porque a promovemos nos pois mire, alá vostedes. Pero esa é a única solución que atopamos e se topan unha mellor nos vamos a apoialos. Meior e que cunda economicamente. Polo tanto creemos que eso debe de volverse a retomar.

Respecto o que decían ámbolos dous de que nos habíamos privatizado, pois o punto limpo, é mentira, é mentira. Nin a Concellaría de Medio Ambiente. Cando eu entro nun concello a gobernar resulta que a miña partida económica era de menos 9000 euros. O concello endebedado ata a coronilla, debendo diñeiro a todo o mundo, non nos fiaba ninguén. Había negocios en Baiona que solamente mirar un empregado municipal dentro do comercio e dicían que non lle vendían y era

compañeiro seu de partido. Así llo podo dicir. Non fiaban ¿Por qué? Loxicamente, porque non cobraban. E tivemos que traballar e sacar o día a día co que había. ¿Qué é unha locura? Por suposto que si. Pagar un alquiler a Cepsa de camións como estaba pagando, eso era de tolos. Pero non había outra saída, porque a oposición nos bloqueaba por todos lados e os gobernos da Xunta e da deputación nin tan sequera nos collían o teléfono para atendernos. Vostedes agora non se queixen. Fai pouco déronlle 100.000 millóns de pesetas para un centro de día. Están facendo a guardería, están facendo un montón de historias aquí en Baiona. Sabarís o resolveu a Xunta de Galicia do Bipartito PSOE-BNG, o PP xamais investiu un duro en Sabarís para eliminar as cheas. Xamais. Nunca investiron un solo duro, nin para resolver as cheas, nin para indemnizar os veciños. Polo tanto non nos acusen de privatizar. Mire, o que si privatizamos foi a xestión das multas. Eso si o privatizamos. Pero e que loxicamente non se pode manter un equipo de xuristas como ten a compañía Reciges no concello para xestionar so as multas de Baiona. Eso si se privatizou. Se vostedes me dicen que para xestionar o punto limpo hai que facer un desenvolvo de 1000 millóns de pesetas, evidentemente había que buscar unha solución, había que privatizar. Pero e que aquí non se trata desto. Nos usabamos a empresa privada para transportar os residuos do punto limpo non para xestionalo. Eles agora van a cobrar por transportar e por xestionar, cando por xestionar debía facelo o Concelleiro de Medio ambiente que para eso lle pagamos. Digo eu. Porque como privatizamos todas as cuestións municipais ¿Para qué queren entón os políticos aquí? ¿Para qué? Están sobrando evidentemente. Aquí se privatiza o punto limpo, se privatiza auga, se contrata a un director para arribada, se segue contratando polo que podemos ver nos decretos. E os concelleiros ¿que fan? ¿Que van a facer os concelleiros? ¿Como? Ten o día chistoso o alcalde, me alegro. En todo caso estamos falando de cousas serias ¿Non? Entón bueno, evidentemente non estamos en contra, volvo a repetir, das privatizacións Sr. Vilar desta e de todas as que se fan sen sentido común. Creemos que esto se fai para a súa comodidad, para ter máis tempo libre aínda e que en cambio vai a seguir cobrando o mesmo. Non aporta beneficio ningún a este concello nin os veciños. A xestión si se leva ben vai ser a mesma. Non hai beneficio por ningún lado, polo tanto nos vamos a votar en contra. Nada mais, moitas gracias Sr. Alcalde.

SR. ALCALDE: Un comentario nada mais, hai un dato impreciso. O punto limpo en Baiona, o único que hubo en Baiona, un punto limpo, foi aprobado por a Xunta anterior. Evidentemente que cando hai que agradecer o Consello de Medio Ambiente as obras en Baiona se han agradecido e no houbo problema ningún. Eu vou a contar a anécdota para reinos un pouco porque estamos cerca de navidad tamén. Que é certo que o delegado de medio ambiente viu a visitar o punto limpo. Non avisou a nadie pero desgraciadamente hai xente que colabora e vai o delegado hoxe a estar ahí a tal hora. E unha persoa ligada o partido socialista do partido local cando chegou o punto limpo e nos veu alí caeulle o alma os pes, porque di donde se meteron estes e tal, como están aquí. Pero bueno, sorprendeu a actuación é anecdótico. O que pasa e que cando se falan de non pagar, de que se debía non sei canto, temos que estar pagando neste momento mais de 50 millóns de pesetas a empresa Cepsa por exemplo e a operarios, xente con transportes pequenos en Baiona durante tempo falar de Xosé Enrique era falar do demo porque había encargado levar algas a todos os sitios sin partida presupuestaria que é ilegal, pero ademais sabendo que non ían a cobrar en muito tempo. Entón é a veces de risa, teño que reirme, cando se di que se xestionou moi ben e que non se debía nada e que todo estaba perfecto e que o feito de que agora se trate de que sea unha empresa a que leve o que facían catro antes eso vai a perder eficiencia. E claro o Sr. Vilar, Concelleiro de Medio Ambiente agora va a quedar liberado porque era o que estaba coidando o punto limpo. Era o que abría e cerra va o punto limpo, entón agora vai a perder esa actividade e falaremos de que coidara o auditorio ou outra cousa mais. Estamos vendo cal é a nova actividade. Pero evidentemente o concelleiro ten que estar para xestionar, para facer xestión.

Polo Sr. Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte 2 votos en contra, (2,BNG) e 6 abstencións (6,PSOE).

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- Aproba-lo expediente de contratación para a adxudicación polo procedemento aberto e baixo a forma de concurso e tramitación ordinaria, do contrato de xestión do servizo público de explotación do punto limpo, residuos inertese recollida colector amarelo, azul.

Segundo.- Aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares e prego de preescricións técnicas que rexerán o contrato.

Terceiro.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no taboleiro de anuncios, no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia para que no prazo de quince días os licitadores poidan presentar as súas propostas.

5. APROBACION SE PROCEDE, DO REGULAMENTO SE PROCEDE DO PUNTO LIMPO.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Manuel Ramón Vilar, CMÑ.

SR. VILAR, CMÑ: É un regulamento que se adapta a realidade de Baiona e ten como obxeto regular as actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do punto limpo de residuos sólidos urbanos reciclables do termino municipal de Baiona e por suposto a titularidade do punto limpo é municipal. Como obxectivos principais do punto limpo o primeiro deles é aproveitar os materiais contidos nos residuos que non son susceptibles dun reciclaxe directo, conseguindo por elo un aforro enerxético e de materias primas e reducindo o volume de residuos a eliminar. Segundo, evitar o vertido incontrolado de residuos voluminosos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixo. Terceiro, evitar o vertido de entullos e outros no medio natural e urbano do termino municipal de Baiona e cuarto, buscar a mellor solución para cada tipo de residuo, co fin de conseguir a máxima valoración dos materiais e mínimo custe na xestión global. Para elo na prestación do servizo, por facer un resumen destes priegos que xa teñen vostedes a súa disposición, solo se admiten residuos xerados por particulares e pola propia actividade do concello de Baiona no punto limpo. Cada usuario solo pode facer unha entrega diaria dos residuos e prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. Tamén o reglamento fala da tipoloxía de residuos e fala dos residuos que son admisibles e que podrán depositar os veciños no punto limpo e para elo hai unha serie de residuos voluminosos, fala das cantidades incluso que se poden depositar cada un dos veciños no punto limpo. O concello de Baiona poderá ampliar o tipo de recursos admisibles no punto limpo cando así o considere oportuno e tamén fala dos residuos que non son admisibles. Vou a nombrar estes que non son admisibles para que se den conta de cales se poden admitir. Os lixos domésticos de materia orgánica, estes non son admisibles porque obviamente xa o fai a recollida de lixo; a uralita que hoxe en día é un material bastante contaminante non se vai a admitir ahí; residuos infecciosos, clínico, biosanitarios ou citolóxicos, estes tampouco se admiten; recipientes de aproximadamente 200 litros ou superiores que contiveran produtos perigosos, materiais inflamables, explosivos ou radiactivos; residuos perigosos que non sexan os especificamente indicados no apartado anterior; residuos de orixe industrial que teñan a consideración de perigosos o industriais conforme coa planificación vixente en materia de residuos industriais; residuos sen identificar ou calquer outro tipo que sexa incorporado a presente relación polo concello de Baiona. As formas de presentación dos residuos, falan de como hai que presentar eses residuos alí no punto limpo, tanto o

papel o cartón, o vidro e cristais varios, as pilas, as terras entullos, os aceites vexetais, as baterías de automóviles todo eso existe no regulamento a forma de como depositalos alí no punto limpio.

As instalación se atopan na parroquia de Bahiña e pon ahí que os colectores que se dispoñen alí no punto limpio son oito colectores de doce metros cúbicos, dous para restos de xardinería, dous para plásticos, dous para escombros e dous para o resto de voluminosos; dos colectores de tres metros cúbicos para papel-cartón; un colector de tres metros cúbicos para vidro; un colector de mil litros para envases; un colector para roupa usada; un colector de pilas; un colector de radiografías; un colector de fluorescente; un colector de aceite mineral e sintético; un colector de aceite vexetal; todo esto fala do material que dispomos alí. De igual xeito para o funcionamento e xestión é necesario que os usuarios se acheguen os residuos previamente separados e deposítenos nos colectores específicos para cada fracción. Na entrada do punto limpio haberá un operario que informará e é a obriga de presentar o documento nacional de identidade do usuario. Isto se lle vai a exigir sempre e por suposto a veces terán que facer un elemento de autoliquidación da taxa correspondente si se trata dunha obra porque temos que controlar que obras teñen licenza e cales non. Por suposto fala da protección dos datos persoais de calquera persoa, do manexo de todo este tipo de información. Fálase do horario que xa falamos antes, incluso das prohibicións.

E logo hai un réxime sancionador, que este é moi importante, recolle infraccións administrativas. Hai unhas que se consideran infraccións leves, outras graves e outras moi graves. Por exemplo dentro das infraccións leves é a entrega de residuos non procedentes de domicilios particulares, depositar calquera outro tipo de residuos de orixe domiciliario que non se encontren establecido no presente reglamento; depositar mesturados os diferentes residuos non tipificados como infracción grave; repositar residuos fora do colector específico; depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles. Considéranse xa como graves: abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións fora do horario de funcionamento do punto limpo; deixar voluminosos ou resto de residuos previstos neste reglamento ó lado dos contenedores sin autorización da empresa concesionaria da xestión; acumulación de dúas ou máis infraccións leves no mesmo ano, isto tamén se considera unha infracción grave; e xa como infraccións moi graves se consideran o abandono ou vertido no punto limpo de residuos perigosos non autorizados ou mezclados como se había dito anteriormente; impedimento do uso do punto limpo por outro ou por outras persoas con dereito a súa utilización; os actos de deterioro graves e relevantes dos equipos de infraestrutura, instalacións ou elementos que existan no punto limpo; ocultar ou depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos; acumulación de dúas ou máis infraccións graves no mesmo ano.

Logo existe un réxime de sancións, que nas infraccións leves sería unha multa hasta 90 euros, das graves de 90 a 300 euros e das moi graves de 300 hasta 1000 euros. A obriga de repórter multas coercitivas e execución subsidiaria, pois isto tamén o contempla o expediente. Polo tanto creemos que este é un regulamento que se adapta a nosa realidade e que é un regulamento tipo, que existe en outros concellos e que creemos que é un arma suficientemente importante como para controlar este tema do punto limpo. Nada máis, moitas grazas.

SR. RODAL. P.P.- Era necesario ter un regulamento sobre o funcionamento do noso punto limpo. Como todos vostedes saben, Baiona dispón desde fai máis ou menos ano e medio dun punto limpo homologado, situado na parroquia de Bahiña. Un recinto totalmente pechado con bo acceso para que todos os veciños de Baiona poidan acceder dunha forma cómoda a dito servizo, e que con esta colaboración cidadana melloraremos o negativo impacto visual medioambiental dos voluminosos ó lado dos contenedores nas nosas rúas así como melloraremos a salubridade de ditas zonas de ahí a importancia da colaboración mutua entre concello, empresa adxudicataria e cidadáns. Os residuos que se reciben no punto limpo deben ser os residuos xerados unicamente no solo do termino municipal e nunca de empresas. Con este regulamento elaborado pola Concellería de Medio ambiente se mellorará todavía máis o servizo prestado ata a actualidade, de ahí a importancia da súa aprobación hoxe neste pleno.

SR. ESTEVEZ. PSOE: Sr. Alcalde, o Sr Vilar ten tantas areas de xestión e de goberno que porque non peche ou abra a porta o punto limpo pois o tempo seguro que esta cuberto totalmente. Non terá ningún problema. Falando de arma, quizá no regulamento había que poñer que non se poden depositar armas de destrución masiva no punto limpo. O partido socialista unha vez posto en marcha esta concesión e este regulamento vai a fiscalizar e vixilar este desenvolvemento do punto limpo para intentar melloralo sempre. E creo que a experiencia que se vaia desenvolvendo será boa para que podamos suxerir ou mellorar ese servico. Volvemos a recargar o anterior, existe bastante desinformación, nos cidadáns de Baiona, sobre que se pode depositar e que non se pode depositar, o tema da uralita que é unha marca de amianto é un tema que no se sabe; os escombros como decía antes, pequenos escombros de pequenas reparacións non ten ese destino etc...

SR. FERNANDEZ. PSOE: Eu como manifestei na comisión informativa sigo dicindo que o regulamento que nos parece ben que se fagan regulamentos para evitar situacións de amiguismos e incluso caciquís, non. Tu eres amigo meu e ti si e o que non é amigo meu pois non. Estamos pola labor de aprobar regulamentos, pero queremos que neste caso está falta de buscarlle algunhas solucións os veciños. Había manifestado na comisión informativa o problema da uralita, digo uralita porque así nos entendemos todos, sabemos que é unha marca comercial pero nos entendemos. Poucas vivendas hai no rural que non teñan algún trozo de uralita ciscado pola súa parcela e que evidentemente se a solución non se lle pode dar a través do punto limpo, porque según o concelleiro está limitada o seu acceso a el, pois habrá que buscarlle unha solución e aquí non se busca unha solución. Creo que non se fixo a xestión oportuna coa Consellería de Medioambiente e que se debía de resolver de algunha maneira. Por outro lado vemos tamén escaso e corto o tempo de apertura do punto limpo o público. Creemos que debería estar toda a semana, toda a semana aberto ou muito máis tempo do que está aberto. Hai moitísimos veciños que teñen problemas de horario para compaxinar a xornada laboral co horario establecido e por eso creemos que deben ampliarse e creemos que debera, independentemente que non teña nada que ver con esto, volvese a recoller por tódolos puntos establecidos polo concello antigamente as podas, voluminosos e os cascallos. Toda aquela rede que había cun horario establecido e uns días concretos para volver a facelo, porque os veciños ségueno facendo e podemos ver en parroquias como hai montañas de lixo que antes era recollido por o concello e que agora non se recolle, que está alí varios días ciscado. Polo tanto nos creemos que debe de completarse de este xeito o regulamento este.

SR. VILAR. CMÑ: eu simplemente decirlle á intevención do portavoz do partido socialista que dentro do pliego de cláusulas das condicións técnicas existe un apartado onde a di que a empresa que gane esta concesión vai a ter un plan de desplazarse incluso ós centros educativos para informar do punto limpo. Ten que haber unha campaña de información, porque eso é fundamental que chegue a todos os cidadanos e que chegue incluso ós escolares e eso está incluído aquí no pliego de cláusulas. E xa pois bueno, que se me olvidaba. Porque no fragor do debate tamén se me olvidou de darlle a benvinda a Emilia Giraldez inda que personalmente xa lla deseiei, espero que polo menos disfrute da política local nestes anos.
E polo demais creo que está aclarado, nos votamos a favor deste tema.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 8 abstencións (6,PSOE, 2,BNG).

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

Primerio.-Aprobar inicialmente o Regulamento do Punto limpo do Concello de Baiona.

Segundo.- Proceder a exposición ó publico do regulamento por un prazo de trinta días a través da inserción do anuncio no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.”

6. APROBACIÓN SE PROCEDE DA CONTA XERAL 2006.

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Interventora, quen da conta da seguinte:

PROPUESTA DE LA ALCALDIA

La Cuenta General del Ayuntamiento de Baiona correspondiente al ejercicio 2.006, fue sometida a informe de la Comisión Especial de Cuentas el día 11 de octubre de 2007.

Con el dictamen de la Comisión, fue sometida a información pública durante un plazo de 15 días y ocho más, previa publicación en el B.O.P. nº 209 de 29 de octubre de 2.007.

Transcurrido este plazo sin que se presentasen reclamaciones a la misma, como se certifica por la Secretaría General con fecha 11 de diciembre de 2.007, desde esta Alcaldía se somete al Pleno de 21/12/07 para su aprobación y posterior remisión al Consello de Contas, como establece el artículo 223 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo

Se adjunta, el Certificado de reparos a la legalidad formulados por la Intervención en el ejercicio 2.006.

SR. ALCALDE: Como xa comentou a Sra. Interventora, foi ditaminada na Comisión Especial de contas de 11 de outubro, estuvo exposto e loxicamente agora procede a súa votación.

SR. ESTEVEZ. PSOE: Bueno, primeiro unha pequena salvedade, na proposta de alcaldía se refire o pleno de 21 do 12, de decembro, é o pleno do 20 de decembro, unha pequena corrección. Despois positivo o remanente de tesorería quizais sea o referente mais salientable nun presuposto e nunha xestión financeira-económica nun concello, é positivo, non negativo como era no ano 2005 que daría lugar a certos problemas e que no pleno seguinte teríamos que ter incluso reducións de gastos. E despois que nos choca a utilización nos indicadores dunha cifra de habitantes de 12.314 habitantes ,nos cremos que xa nos gustaría en Baiona ser 12.314 habitantes. Creo que a cifra sería de 11.600. Esto fai que algúns ratios, algúns indicadores se modifiquen un pouquiño, por exemplo o endebedamento por habitante. Non sería 125 euros habitante senón 133, o polo gasto por habitante que non serían 699 senón 739. Despois tamén xa vaticinarlles que na conta xeral de 2007 se o investimento por habitante deste ano é 166 euros o ano seguinte cando aprobemos dentro de moi pouquiño a conta de 2007 será de 8 euros. E dicir un 95% menos. Nada máis, gracias.

SR. ALCALDE: Creo que os datos de poboación fan referencia o censo noso.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), producíndose 8 abstencións (6,PSOE, 2,BNG).

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

APROBA-LA CONTA XERAL DO CONCELLO DE BAIONA CORRESPONDENTE O EXERCICIO 2006.

7.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA AUTORIZACIÓN DE GASTOS PLURIANUAIS PARA A ADQUISICIÓN DO MOBILIARIO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr Rodal, PP, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDIA

Como consecuencia de la necesidad de licitar el concurso para el suministro de mobiliario para el Centro de Atención a la Primera Infancia, según el proyecto presentado por D^a Patricia Alonso Alonso, y dado se trata de un gasto de carácter plurianual que se extiende hasta 2008, siendo objeto de una regulación legal específica en el artículo 174.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2.004, de 5 de marzo

Visto que dicho artículo exige que: *“si el importe a comprometer de cara a ejercicios futuros es superior, en el año inmediato siguiente, al 70 % del crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió, y en el segundo ejercicio, al 60 % del crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió debe ser el Pleno del ayuntamiento el que autorice la realización de dichos gastos”* y en base al informe de Intervención nº 125/07 en el que se señala que la obra a realizar supera los porcentajes antes citados, se eleva al Pleno, para la aprobación, si procede, del siguiente ACUERDO:

-“AUTORIZAR GASTOS PLURIANUALES para el ejercicio 2.008 en porcentajes superiores a los previstos en el artículo 174.3 del TRLHL para la inversión: “ADQUISICIÓN MOBILIARIO PARA EL CENTRO DE ATENCIÓN A LA PRIMERA INFANCIA”, con arreglo al siguiente cuadro:

ENTIDAD	PROYECTO	PARTIDA PRESUP.	AÑO 2.007	AÑO 2.008	TOTAL
CONCELLO DE BAIONA	11	422-62500	20.000 €	23.079,20 €	43.079,20 €
TOTAL POR ANUALIDADES			20.000 €	23.079,20 €	43.079,20 €

SR. ESTEVEZ, PSOE.- A gardería e a súa dotación económica é un culebrón tremendo; vostede mesmo dicía no Pleno anterior, textualmente, contestando unha réplica ó voceiro do grupo socialista, Sr. Rafael Lores, decía “o que se vai a votar neste punto é unha modificación de crédito para que a gardería municipal se remate en prazo e poida ser utilizada o antes posible”, cando vexamos a acta de hoxe dirá “o que se vai a votar neste punto é outra modificación para que a gardería municipal se remate en prazo e poida ser utilizada o antes posible”. O criterio do partido socialista no tema da gardería é moi nítido, moi claro, moi rotundo, moi reivindicativo, queremos que se remate por suposto canto antes, que nunca estivera paralizada, e que por fin os nenos e nenas de Baiona poidan utilizála. A dotación presupostaría desta gardería, e máis ou menos dende que empezamos esta lexislatura, o 16 de xuño, sempre se basa en cada orde do día de cada Pleno, en cada primeiro xoves de cada mes, en modificacións presupostarías, en gastos plurianuais, que fan que realmente a estimación económica que se pode facer tanto por vostedes, como polos restantes partidos políticos, como por

calquer veciño de Baiona, é absolutamente impensable; estivemos incluso nun Pleno onde acababa de entrar en vigor un presuposto do ano 2007 e estaban modificando o presuposto do 2006, eu de verdade, Sr.Alcalde, eu creo realmente que vostede ten que estar arrepentido cando vostede fai as suas delegacións de xestións de goberno, suas concellalías, e ten concellalías ata agora con escaso ou nulo contido, penso senón sería recomendable ter unha Concellalía de economía e facenda que realmente poidera planificar e ter en conta tódalas modificacións do devenir da política económica en Baiona. Dende logo o ano 2008 parece bastante duro, é dicir, temos unha posibilidade da suspensión das licenzas urbanísticas onde o Concello vai a ter un resentemento económico moi importante, pode aparecer a consignación no Xulgado do parking da Palma, igual hai que asumir a xestión caótica e deficitaria do parking da Palma, dende logo vai ser un ano 2008 moi duro e recomendamos unha nova xestión na política económica deste goberno, moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Non me arrepiño absolutamente de nada, Sr.Estévez, e non o vou a nomear concelleiro de Facenda.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Esta é unha mostra máis da política do goberno municipal; resulta que pretenden vostedes a gardería, a tan desexada gardería para moitos veciños e veciñas de Baiona, pero sen garaxe, sen peche, e sen urbanización, porque ou facemos outra modificación de crédito ou vai a ter que abrirse sen todo eso, que non sei ata que punto é legal; eu pediríalle que mirara de cara a Oia de vez en cando e que collera hábitos daquel Alcalde que teñen alí que tamén é militante do PP, pero que máis que militante do PP é Alcalde, e que para darlle servizos ós seus veciños e veciñas adheríuse ó Consorcio para ter unha galaescola a que lle sufraxia tódolos gastos a Xunta de Galiza; vostede non, vostede é un militante disciplinado do PP que leva a raxatabla as directrices do seu partido, que lle impide que vostede se adhira ó consorcio e que impide que o financiamento da gardería o faga practicamente, nunha ampla cantidade, moi ampla, a Consellería de Vicepresidencia; vostede prefire gastar o diñeiro público do Concello e perxudicar a tódolos veciños de Baiona costándolle moito máis diñeiro levar os seus fillos e fillas a unha gardería que adaptarse ó Consorcio e ter en Baiona en vez dunha gardería, unha galaescola. Esa é a realidade deste proxecto, vostede antepón os intereses do seu partido ós intereses de Baiona; e nós de verdade que non estamos pola labor Sr.Alcalde, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Por suposto que nós vamos aprobar esta partida, estamos falando dunha cantidade de 43.000 euros aproximadamente, que son 7 millóns e pico das antigas pesetas, para que nos entendamos todos mellor; en 2 anualidais entendo que é unha cantidade perfectamente asumible por parte do Concello. Resulta que agora o Sr.Fernández nos fala das galaescolas, que incluso están sendo cuestionadas, non pola galaescola en sí, coidado, que a mín o réxime da galaescola me parece perfecto, que se lle ensene ós nenos o galego, que se potencie a nosa lingua, iso é correcto, non confundamos términos, pero en cambio a xestión económica dunha galaescola non é moi beneficiosa para os Concellos xa que dalgún xeito te obriga a estar nun consorcio que ó final tes ahí un gasto que se te escapa, nós entendemos que eses temas deberían estar máis regulados, todo o que é o mundo do ensino, pola propia Consellería de Educación, que sea coste 0 para un Concello e que por suposto existan galaescolas, pero que existan dentro do ámbito da Consellería de Educación; debido o pacto político existente en Galicia está como está a cousa, hai que ser realistas, pero creo que incluso hai Concello do propio PSOE, que non están por esa labor, xa non falo de Concellos do PP, porque claro, o interes económico do Concello non está dalgún xeito amparado e non temos tódalas subvencións que deberíamos de ter, ou sexa, eu entendo que galaescolas sí, pero financiadas ó 100% pola Xunta de Galicia, que é como debe ser, por iso calquer paso que se dé hai que pensálo moi meditadamente. En canto a esta modificación presupostaria nós estamos dacordo e a vamos apoiar como non pode ser doutro xeito.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Si plantexase un nomeamento de concellal de Facenda tería que romper antes outro pacto.

Sr.Vilar, a competencia é de Benestar, de Vicepresidencia, non de Educación.

SR.VILAR, CMÑ.- Dixen que deberían ser de Educación.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Ben; o PSOE, como dixen antes, ten unha filosofía e unha política moi clara con respecto á gardería, moi reivindicativa durante moitos meses, e vai apoiar sempre calquer medida que poda dar lugar ao ansiado remate da gardería e da súa utilización, polo cal o noso voto é positivo. Gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Por razóns políticas, Sr.Vilar, está vostede ahí no goberno, e non aquí na oposición, ou sexa que son efectivamente razóns políticas, agora entendo perfectamente que 40.000 euros para vostede sexan poucos cartos, despois dos 60.000 que lle meteu a Consellería de Cultura por incumprir a Lei, isto é unha minucia, ¿non?, total ¿que vai a facerse con 60.000 euros en Baiona ou con 40.000?, pois resulta que 40 máis 60 son 100, senón me equivouco, e con 100.000 euros faise o Centro de Día, casi nada, da Consellería de Vicepresidencia; en todo caso Sr.Alcalde, non contestaron a miña pregunta de cal é o interés máis que político e as directrices do PP polo que vostede está embarcando a este Concello nun pozo sin fondo, e isto sí que é real, como é a gardería, e que o final vai a ir ós bolsillos de tódolos baioneses e baronesas porque vai costar moito máis diñeiro ter ahí un fillo, unha filla, que se fora unha galaescola, iso é así, unha gardería onde se ensine o español con tódalas consecuencias. Moitas gracias.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández cada día asombrame máis a falta de información e a falta de todo; mire, 40.000 e 60.000 son 100.000, o Centro de Día son 620.000, ou sexa, non ten nada que ver unha cousa con outra.

Non sabe o que está a falar, non sabe o que é unha galaescola, unha gardería, nin un centro de primeira infancia, non ten nin idea, ¿cál é a financiación dunha gardería?, ¿e dunha galaescola?, ¿a coñece?, dígame ¿cánto costa un neno nunha galaescola?, dígame canto; digollo eu: o custo de ter un neno nunha galaescola, para a Administración, falo en xeral, e según Vicepresidencia, costa 6.500 euros ó ano; deses 6.500 euros ó ano (dito por Carmen Adán, que é Secretaria Xeral, creo que unha persoa moi importante para todos os que estamos aquí) o Concello de Baiona ten que pagar o 30%, Vicepresidencia o 30, e os pais o 40; calquer exención dos pais, é dicir, familias numerosas, xente sen recursos, todo o que non paguen os pais o paga o Concello de Baiona, entón están enganando á xente dicindo que si a galaescola é gratuita e demáis; non é gratuita, non é verdade. Pero para dicir que non é un tema político teño que dicir que falei co Delegado, coa Secretaria Xeral, e vamos a falar na próxima semana cun alto cargo do seu partido, o que pasa é que vostede non está enterado, non vai ós actos oficiais do partido, Roberto estaba, Ana estaba, pero vostede non estaba alí, estaba escondido, entón non lle cadran as cousas; e para nós o primeiro son os nenos e nenas de Baiona, e despois son os partidos. Teremos unha reunión, e si temos ventaxas importantes dende logo non temos dúbida ningunha, pero dende logo falando con Carmen Adán, con Víctor Seara, con quen faga falta; evidentemente senón hai ningunha imposición doutro tipo, que creo que non ten que habélas; pero dende logo o que estamos negociando é un tema que a repercusión económica sexa a menor.

E vostede sabe tamén que hai un plan de subvencións para as garderías que sigan as cotas de nenos según o DOGA, si unha gardería municipal pon os prezos do DOGA ten dereito a ter unha subvención da Xunta aínda que non sexa do Consorcio; si se pón prezos libres evidentemente non. Polo tanto non é verdade que non se poda entrar en financiación Xunta senón estás dentro do Consorcio, non é así, entón non enganemos á xente; pero pode estar seguro que este grupo de goberno, sendo do PP e de CMÑ, si Vicepresidencia presenta unhas boas condicións, vamos a entrar; si son negativas para Baiona non vamos a entrar nunca, é imposible, non podemos facélo por defensa dos intereses de Baiona.

Outra cousa, o tema da financiación das garderías se fai con subvencións por un lado da edificación e por outro do que é o mobiliario, é decir, temos que separálo porque as subvencións que temos que pedir van por separado, e polo tanto os procedementos van por camiños totalmente diferentes.

Sr.Estévez, se pón todo de negro, estamos en Navidad, tampouco será tan negro 2008, pode ser que economicamente si sigue no PSOE sexa negrísimo pero non ten porqué, home, vai haber cambios en España, agora estamos máis alegres todos, agora estamos en Navidad. Vostede sería un bó concelleiro de Economía, estou convencido, e nós somos abertos, non nos pechamos a nadie.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 15 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ, 6,PSOE), fronte a 2 votos en contra, BNG.

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

-“AUTORIZAR GASTOS PLURIANUALES para el ejercicio 2.008 en porcentajes superiores a los previstos en el artículo 174.3 del TRLHL para la inversión: “ADQUISICIÓN MOBILIARIO PARA EL CENTRO DE ATENCIÓN A LA PRIMERA INFANCIA”, con arreglo al siguiente cuadro:

ENTIDAD	PROYECTO	PARTIDA PRESUP.	AÑO 2.007	AÑO 2.008	TOTAL
CONCELLO DE BAIONA	11	422-62500	20.000 €	23.079,20 €	43.079,20 €
TOTAL POR ANUALIDADES			20.000 €	23.079,20 €	43.079,20 €

8.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ALEGACIONES O PROXECTO DE CONCESION DE DOMINIO PUBLICO PARA A CONSTRUCCION E EXPLOTACION DUN POLIGONO DE FONDEO.

SR.ALCALDE.- O longo proceso que levamos coa privatización da lámina de mar chega un punto onde entramos nas alegacións ao proxecto presentado, e adjudicado, por Portos de Galicia ao Monte Real Club de Yates de Baiona; neste momento, o informe que presentamos foi o informe feito polo técnico fundamental onde se basa fundamentalmente nunha serie de aspectos que non van a poder cumprir o que se dixo de ocupación, pero tamén traigo aquí (creo que o están repartindo neste momento) a pregunta parlamentaria que o señor Balseiro, deputado do Parlamento Galego, do PP, con coñecementos en pesca, lle fai a D.Antonio Garcia Lorreaga que é Director Xeral de Pesca, lóxicamente tramitado por nós dende aquí, e chama a atención que unha das contestacións que da o Director Xeral de Pesca é decindo que “o patrón maior da Cofradía de Pescadores de Baiona está en contacto continuamente coa Consellería de Pesca e concretamente coa Dirección Xeral, e non se pode dicir de ningunha maneira que non hai contacto entre o Patrón Maior e a Dirección Xeral porque os contactos se producen continuamente”, saben que, dito polo Patrón Maior, nadie se había dirixido a él; e di a continuación “o proxecto (estamos falando de setembro) non foi enviado por Portos de Galicia á Consellería de Pesca, estamos en fase de tramitación e teremos que presentar alegacións no momento en que sexa redactado o proxecto”, é decir, a privatización da lámina de mar se fixo no mes de maio ou xuño, sen ter nin informe previo da Consellería para saber que se facía ahí; tamén di o Director Xeral que “total eses 36.000 m2, máis de 4 campos de fútbol, é so un pequeno porcentaxe da bahía de Baiona (creo que fala de 0,3 ou 0,4%) que non é nada, que tampouco son 70 mariscadores de flote, máis 35, son 50”, todo é un tema pouco importante, e aínda encima se nos presenta un proxecto totalmente inviable onde se vai a chear de hormigón a base da

praia, a zona de praia da Barbeira, e aínda encima non collen os barcos que eles dicen que teñen que coller porque os cálculos non están ben feitos, polo tanto o que traemos a Pleno é a aprobación das alegacións para incorporar xa o informe que había previo que como Administración o Concello de Baiona emitíu dicindo, rechazando claramente, o que é esta proposta; esta proposta que é totalmente inviable, que non ten sentido e que polo tanto queríamos presentar a Pleno para que os grupos que o consideren oportuno se poideran sumar a esta iniciativa.

SR.LORES, PSOE.- Antes de nada decírlle ó Alcalde que moitas cousas non son certas, facendo un pouquiño como vostede fixo con Xose Enrique decírlle Sr.Alcalde que creo que vostede non se entera, a mín gustaríame que aquí puxeramos un pouquiño de sentido común e de sensatez. En primer lugar dicir que non é unha boa práctica democrática nin de diálogo sacar na prensa que vai facer unha Moción para consensuar, penso que antes da prensa indudablemente primeiro debería de falar co resto dos grupos, non sei si vamos a apoiar ou non pero ese sería o procedemento. Entrando xa na materia, fala vostede dun informe, eu non sei si ese é un informe ou unha alegación; si é un informe creo que incluso se debería pedir a retirada, si é unha alegación xa sería outra cousa.

Destas alegacións que presenta o equipo de goberno, asinadas polo Alcalde, ó proxecto de fondeo de Portos de Galicia na lámina entre o Monte Real Clube de Yates e a doca, vamos a ir pouco a pouco, despois falaremos do que ocorreu no Pleno do 5 de xullo, que non sei si daquela o verán ou o excesivo baño nos quentou un pouco a cabeza e falamos de cousas cando agora estamos falando doutras, non sei si sería polo sol, pola ausencia de sombra, ou por outra cousa, pero falamos dunhas cousas e aquí falamos doutras.

Punto por punto: "1.-La ocupación licitada se ubica enfrente de la playa Barbeira y limitada entre la Doca y las instalaciones de Club Monte Real Club de Yates", indudablemente, pero iso xa o sabíamos, non sei que alegación é.- 2."Examinada la documentación se comprueba que la documentación no está suscrita por técnico competente", a mín esto en principio, unha acusación ou unha afirmación de que a enxeñeira Maria Jesús Rocha Novoa non é unha técnico competente pois supoño que haberá que aclaralo.- 3."No queda reflejada la lámina de agua a ocupar marcando las distancias a la playa de la Barbeira ni a la Doca", falso, rotundamente falso, no Prego de Condicións da concesión veñen as coordenadas, exactamente, que debe ocupar esta lámina de agua, polo tanto no Prego existe, o que hai que facer é de vez en cando baixarse os papeis.

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, es el informe del técnico municipal hablando del proyecto presentado, que dice que en el proyecto no figura, no dice en los Pliegos del concurso.

SR.LORES, PSOE.- Punto 4: "Si bien no es una gran obra de complejidad técnica, instalación de muertos consus cadenas y boyas correspondientes, se observa que no se respetaron los fundamentos del concepto de borneo (giro libre de una embarcación en libre orientación que le obliga el viento que sopla en cualquier dirección)", tamén é falso porque no proxecto sí se contemplan.- 5."A estos efectos se considera que la marea entre P.M.V.E y B.M.V.E alcanza una carrera de marea máxima de 4 metros, lo cual aumenta el radio del círculo de borneo, calculado su incidencia en función de la cota barimétrica", tampouco é así, son de 2 ou 3 metros.- 6. "En la documentación presentada no se contempla, solo se aumenta en 2 metros la eslora de la embarcación, distancia que se destina para cabos de amarre a la boya y efecto de la marea, lo cual es insuficiente", no proxecto non son 2 metros, son 2 metros e medio e tendo en conta que a media de eslora desas embarcacións son de 8 metros, 2 esloras e medio son 20, bueno, xa empezamos a falar de metros.- 7. "Realizado un estudio somero de ocupación, la superficie para el fondeo de las embarcaciones reseñadas es menor que el realmente necesario", eu, despois de todo isto, xa non sei si son alegacións ou que son. Primeiro dicir que esta é unha competencia de Portos de Galicia e que o Concello, no seu momento, fixo algunha moción e algunha alegación de tipo social ou de tipo político; eu, dende logo, alegacións de tipo técnico da casa do veciño non me atrevo a facélas; si sei dunha casa na que se está facendo algunha obra, si botan máis ou menos os anchos das columnas será un problema do que está

enfrente, eu o que podo decir é si eso me vai afectar na miña condición de veciño ou de cidadán. Pero como antes falabamos de que soamente temos unha vía única, o Sr.Vilar, hoxe que é, como dín os portugueses, o excusado, á hora de votar, ou unha chamada polo celular, porque despois da exposición que fixo, a interpretación do grupo de goberno, o 5 de xullo ¿hoxe que nos vai a decir?, alí falaba de cal era esa confabulación que había PSOE-RONAUTICA en contra do Clube de lates, vaia por Deus, e agora resulta que o equipo de goberno lle fai unhas alegacións técnicas, exclusivamente técnicas, ó proxecto do Clube de lates, proxecto que está avalado por 3 empresas como son **AISTER**, GARRIGUES e **A.T.** , **AISTER** é a que está nestes momentos facendo as instalacións das olimpíadas de Pekín.

Vostede, Sr.Vilar, falaba daquela que o Clube, o emblemático Monte Real Clube de lates aposta pola calidade, vaia por Deus, daquela ¿qué era? ¿o mesmo proxecto ou era outro?, decía vostede “el famoso Clube de Yates, medalla de oro de este Concello, que nosotros siempre defenderemos”, Sr.Vilar, dixo vostede iso o 5 de xullo; tamén dixo “o PSOE vai en contra do Clube de lates”, e así tódala páxina 12 da acta do 5 de xullo, está claramente escrito. Nós firmamos daquela unha moción na que decíamos que considerabamos saturada a bahía de embarcacións; señores, neste proxecto pásase de 62 fondeos a 52, ese é o Prego e ese é o contrato; nestes intres hai 62 fondeos de feito nesa lámina de auga, con esta concesión redúcese a 52, polo tanto sí hai unha redución de fondeos. E sobre que se privatiza, non, non se privatiza, se regula, xa estaba privatizado por unha reserva do Plan de usos de fai algúns anos; polo tanto simplemente se regula; son dúas cousas distintas; de 62 a 52; “máis formigón”, Sr.Alcalde isto non é certo, hai menos hormigón porque o único que se vai facer é mover os mortos que nestes momentos hai e suprimir os que sobran, xa de feito vaisen quitar 10 mortos, pero vostede sabe tamén que antes cando un morto rompía coa boia había poucas posibilidades de baixar ó fondo, entón non se reparaba, facíase outro, polo tanto temos, e eses son datos obxetivos, temos a zona chea de mortos no chán que non se están usando; hai unha proposta pola concesión, para todos estes mortos, de retiralos da bahía; polo tanto alí vai haber menos hormigón; hai un proxecto anexo a esto, que vostede coñece, porque o Clube de lates con vostede falou (aínda que despois cando foi da concesión non quixeron ir a falar con él) e dixeran que ian facer unha limpeza dos fondos.

O Sr.Vilar parece ser que é o que coñece as intencións de todo o mundo, supoño que menos as dél, eu non sei, parece ser que o Clube de lates non quería, o Colexio de Covaterreña quer modificación e nós aquí estamos en contra, agora aquí é a inversa, vostede ¿qué pasa, que está aquí pero está alá, en sentido contrario?, vostede trae aquí unha proposta de modificación dun PERI onde o Colexio e a comunidade educativa teñen unha alegación en contra e vostede dí que están moi contentos; temos aquí agora un concurso que foi adxudicado a RONAUTICA, e vostede dí que RONAUTICA non quere; ten que empezar a explicar estas cousas, por iso digo o do sentido único, as veces a cousa está moi complicada.

Falando un pouquiño máis de todo este proceso, ó grupo socialista dános a impresión de que o grupo de goberno, o grupo popular co Sr.Alcalde á cabeza, e o seu socio, Manolo Vilar, entraron nunha voráxine de titulares de prensa, de boicoteo de rodas de prensa, algo un pouco espectacular de moito ruído, porque pensaron que iso lle ia dar unha rentabilidade política e social e agora cando as cousas se foron resolvindo dunha forma máis sensata e con absoluta prudencia, agora non poden descabalgarse desa actitude entón plantexan unhas alegacións de maneira hipócrita, a presentan como dicindo “a presentamos porque non temos máis remedio que presentálas pero realmente non estamos dicindo nada”; iso é o que pasa, vostedes nestas alegacións non están dicindo nada, non se están oponiendo a nada; sexamos sensatos, non xoguemos á hipocresía, aquí con isto non se está dicindo absolutamente nada; dixeron “pedimos un informe a quen faga falta e así saímos do paso e dalgunha forma xustificamos toda esta política de manifestacións e axitación social”, por este motivo saíron agora con todo isto; si é así, entendémolo. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, ten vostede hoxe un día malo. A mín esta proposta da Alcaldía paréceme dunha demagogia auténtica, xa presentou estas alegacións pero incluso creo que as

presentou sen ningún texto, tal cal llo deu o arquitecto, creo que incluso asinadas por él; neste caso sí firma o Alcalde, pero son todas elas alegacións técnicas; nós tamén as fixemos pero foron fundamentalmente alegacións políticas, para iso estamos aquí, nós non somos técnicos e cando temos algunha dúbida as consultamos ós nosos asesores de confianza e así as presentamos, pero evidentemente as alegacións teñen que ser políticas. Unha vez lido o informe e todo o que viña acompañandoo, a verdade é que ún se pón de mal humor, por decílo dalgún xeito suave, leer que no proxecto se dí que en Baiona se fixo unha enquisa e que o Clube de lates pouco menos que é o salvador deste Concello, se pode leer que son os defensores do medio ambiente, cando todos sabemos que en varias ocasións durante varios anos continuados o Clube de lates verte gasoil no mar e hai que pechar as praias; non podemos consentir que digan que son os defensores do medio ambiente cando rascan as patentes dos barcos nas suas instalacións e baldean as patentes e tódolos produtos tóxicos ao mar; de tal xeito que as paredes onde se fan eses baldeos xa colleron cór azul, ¿ou quizás alguén aquí coñece pedra do país de cór azul?; estes señores son uns abandonados, e estes señores, o ano pasado, cun informe da Policía Local e de Protección Civil, verteron centos de litros de gasoil no mar e houbo que pechar as praias da Ribeira e da Barbeira, e quen lles fala presentou unha denuncia en Capitanía e o Capitán Marítimo me contestou decíndome que se lle había aberto un expediente e que probablemente perderían, si eso volvera a suceder, a bandeira azul da que presumen; isto o veñen facendo toda a súa vida, e se declaran os defensores do medio ambiente; pois menuda vergonza; pero aínda é máis, evidentemente que a lámina de auga van a privatizála, evidentemente, pero é que agora mesmo si van alí poden vostedes ver unha especie de batea flotante cargada de embarcacións deportivas invadindo a área de protección da praia Barbeiras, embarcacións con propietarios do Clube de lates; iso levando sucedindo toda a vida, como sucedeu toda a vida de prohibirle ó acceso ós veciños de Baiona para bañarse ou para pescar luras; e estes señores son os que dín que son os salvadores da patria, cando todos sabemos que o que se coce ahí dentro é alleo totalmente ós veciños de Baiona, ata cando ven o Rei, ven, marcha, e aquí non se entera ninguén máis que eles, se o comen, se o guisan, e se o beben. Polo tanto, para nós, as cuestións que hai que alegar son cuestións políticas, e éstos non son nin defensores do medio nin nada parecido, igual que o PP evidentemente, defenden vostedes neste caso esta lámina, que me parece ben, defenden vostedes o medio no monte para non facer un parque eólico, me parece ben, e automáticamente meten no Plan Xeral un campo de golf de 800.000 m²., tela marinera, ese é o medio que defende o Partido Popular; ó PP pouco lle interesa nin o monte nin o mar, o que lle interesa é bombardear á Xunta sexa como sexa, nin máis nin menos, esa é a estratexia do PP e hai que apoiála por CMÑ.

Me pregunto onde estaban (lóxicamente se gardan as suas cartas nas mangas para asaltar no Pleno con sorpresas) estes personaxes do PP cando se privatizou a lámina de auga que se lle deu a RONAUTICA, ¿onde estaban?, seguramente con vostedes o día que fixemos a manifestación en contra desa privatización na que ningún de vostedes estaba alí; nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Miren, eu asumo todo o que dixer e o volvo a asumir agora porque ten unha lóxica; en primer lugar quero dicir que estamos pagando como se resolveu este tema da lámina da mar que foi dun xeito chapuceiro por parte de Portos de Galicia; sempre defendín, e o sigo facendo, dentro do que é unha reflexión política da realidade de Baiona, que na bahía de Baiona hai unha serie de zonas, unha serie de ámbitos, onde está o Monte Real Clube de lates, ou onde está o porto pesqueiro, e outro onde está RONAUTICA, eu non obvio a realidade de RONAUTICA, me parece moi ben pero hai que controlála. Con relación a todo o que eu dixer da historia do Monte Real Clube de lates é certo, é unha entidade deportiva, sen ánimo de lucro (a diferenza de RONAUTICA) que lle deu moito prestixio a Baiona e non soamente pola presenza da familia Real senón que incluso non olvidemos que foi o primeiro clube de España que fixo o desafío da Copa América que levou o nome de Baiona por todo o mundo, que, por certo, foi merecedor e recibiu a distinción da Medalla de Ouro de Ouro, creo que con motivos máis que sobrados, e todos nos sentimos honrados da labor que fai este Clube, e que conste que eu non son socio do Clube de lates nin tampouco son aficionado á vela, polo

tanto non estou implicado nesa dinámica; sí son un usuario da praia Barbeira e como tal defensor do medio ambiente de Baiona, e dende o primer momento sempre fixemos alegacións ao Plan de Usos que nos había presentado a Consellería, sempre defendemos que a zona da Barbeira ten que ser ante todo unha zona medioambiental protexida, e sempre defendemos e sempre defenderemos que esa lámina de mar non se lle debeu conceder a nadie, nin ó Monte Real Clube de lates nin a RONAUTICA, porque non olvidemos que todo o que estamos sufrindo agora ven desa resolución chapuceira da Xunta que sí tiña previsto colocar pantaláns flotantes para sacarlle rentabilidade a esa lámina, senón non ten explicación que se pretenda privatizar unha lámina de mar con este número de barcos que, como se demostra agora aquí con esta alegación moi ben fundamentada por parte do Concello de Baiona, de que co o borneo que xenera entre a pleamar e a baixamar mar, o radio dunha embarcación, incluso contando a eslora, quedaría reducida, incluso menos barcos que os que habitualmente ocupan ahí, si van a estar menos barcos dos que están lóxicamente esa lámina de mar non tería ningún sentido privatizála; o que pasa é que cando se deron conta das movilizacións que houbo en Baiona, do pobo de Baiona, pretenderon dar marcha atrás, pero non o fixeron de xeito razoable e recoñecendo que se habían equivocado deixandoa deserta, senón que intentaron adxudicarlle ó Monte Real Clube de lates, que sí que había participado como era lóxico posto que o tema se sacou no Boletín e eles consideraron que están no seu territorio e que se lles pode invadir por parte doutra xente, entón lóxicamente presentan unha solicitude para ocupar esa lámina de mar; e nós non estamos a favor de que se lle haxa concedido ó Clube de lates, nós creemos que esa lámina de mar debeu de quedar deserta, sen adxudicarsella a nadie, o que ocorre é que estamos aquí sufrindo as consecuencias dunha política irresponsable por parte de Portos de Galicia que descoñece a realidade de Baiona e polo tanto nos meteu agora un paquete que é moi difícil de resolver e que, postos a analizar, incluso o cuadrante da lámina invadía practicamente a zona de baño; dende aquí creemos que o Concello de Baiona sigue mantendo unha postura coherente presentando alegación cun obxectivo: que iso non se private, nin ao Monte Real Clube de lates, (entidade que repito, merece toda a miña consideración pola súa traxectoria), nin a RONAUTICA, nin a nadie, esa é a auténtica solución para saír deste conflito que o Director de Portos, nun afán de prepotencia total e absoluta, nunha roda de prensa no Concello de Vigo, anunciou como unha gran solución ó problema de Baiona, con estes fondeos, que non ten nin o apoio da Cofradía de Pescadores, nin o apoio do Concello, nin o apoio do pobo de Baiona que se manifestou públicamente na rúa, non ten o apoio de nadie, e polo tanto creo que si alguén está nunha liña de coherencia ese é o Concello de Baiona.

O que si me sorprende, e podo entender, que a postura do PSOE sexa unha postura de ir ó socaire da Consellería, que é do seu cór político, ata certo punto pode ser entendible, pero a postura do BNG que en todo momento estivo ahí en primeira liña agora se nota que cambiou de chaqueta e está en contra deste tema, e non é atacar agora ó Clube de lates de si fai esto ou fai o outro, mire, o Monte Real Clube de lates pode ter moitos defectos como todo quen xenera unha actividade, pero tamén hai que recoñecer que ahí van os barcos dos pescadores de Baiona que poden utilizar seus travelíns, que poden limpara fondos e reparar ahí, e todo iso é moi positivo, esa é unha realidade, os barcos de Baiona acceden ahí gratuitamente, e lles dan unhas facilidais que non lles dan outros como é o caso de RONAUTICA que lamentablemente vemos como está ahí ano tras ano cunha exposición de barcos, non é unha actividade sen fins lucrativos como pode ser o Clube de lates, polo tanto o Concello de Baiona presenta esto seguindo unha lóxica aplastante de defensa dos intereses dos veciños de Baiona e repito, manteño todo o que dixen con relación ó Clube de lates, non estou a favor de que esa lámina de mar se lle concedira, sigo pensando que as manifestacións e movilizacións populares romperonlle os esquemas a Portos de Galicia e evitouse a colocación de pantaláns aboiantes nesa lámina, porque non existe outra explicación, xa que actualmente que nesa lámina se coloquen menos barcos dos que hai non había sentido ningún a privatizar. O que sí lamento, todo teño que decílo, é o cambio de chaqueta do BNG; a veces se utilizan estas estratexias políticas: radicalizarse para non estar a favor dos que gobernan incluso pois dandolle un apoio moral que é o que vostedes podían facer, pero isto é lamentable; nós vamos a seguir na nosa liña porque

creemos que é a coherente, que estes son os pasos que hai que dar, e creemos que a única solución viable para defender ese espazo como medioambiental protexido é que esa lámina de mar quede deserta e que Portos de Galicia rectifique e recoñezca que se está equivocando cos plantexamentos que nos queren impór. Gracias.

SR.LORES, PSOE.- De entrada dicir que non teño nada a favor nin en contra do Clube de lates, nin de RONAUTICA; aquí vostede fala dos usos da bahía, aquí cometíronse grandes aberracións, todos sabemos quen estaba no goberno tanto en Baiona como na Xunta de Galicia, era o PP o responsable desas Administracións, polo tanto vamos a ir a modo; daquela, o Concello de Baiona, ao recheo de RONAUTICA non presentou alegacións, ó recheo; nin tampouco convocou manifestacións o Alcalde nin o teniente de Alcalde, non sei en que estaba daquela vostede, da igual, pero aquí non se moveu nada, o que quero dicir é que si se di que se respeta o medio ambiente hai que empezar por respetálo de verdade e botar escombros na bahía non creo que sexa un exemplo délo; ou sexa, aproveitar tódolos desfeitos de autopista ou vía rápida para facer ahí unha escollera iso non é respecto ó medio ambiente, digo eu; si eso é respecto ó medio ambiente, nós estamos en contra dese tipo de respecto.

A mín faime certa gracia que vostede dixera nese Pleno “que queden as cousas como están, que o o Monte Real Clube de lates se desenrole de maneira racional”, iso foi en xullo; señores do goberno, se reduce o número de barcos, e iso dos pantaláns é unha mentira porque no Prego de Condicións iso non estaba, e a superficie é a que é, está medida con marea baixa; polo tanto todas esas intoxicacións hai que empezar a deixar de facélas. A superficie de baño da Barbeira aumenta, retírase máis ata mar adentro a zona de fondeos; despois decían que os pescadores non poden refuxiarse alí, é mentira, van están aroados na doca, vai haber uns espazos para que todos aqueles barcos de pesca podan refuxiarse de forma gratuita, aroados na doca, polo tanto as cousas hai que empezar a decílas claramente; ¿que é unha chapuza?, a chapuza creo que foi a política de intoxicación, e non digo manipulación, pero sí digo de axitación social que levou este equipo de goberno en Baiona, iso sí que foi unha chapuza, e agora teñen que recuperar a sensatez e non saben como facélo e presentan isto para dicir “o presentamos pero non os preocupedes porque é unha tontería pero non tiñamos máis remedio que facélo”.

Por suposto imos a votar que non a este punto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Compañeiro Vilar, nós non cambiamos de chaqueta, en absoluto, o que non estamos dispostos é a seguir estratexias do PP de descornamento contra a Xunta; nin a crear pantallas de fume de cara ós veciños, e isto é todo fume, si queren facer fume fáganllo con Loureiro que funciona moi ben; con nós non.

Vostede, Sr.Vilar, di que asume totalmente o que dixó e lle recordo as súas palabras: “le tocó al o Club de Yates, un mal menor”, para nada, de mal menor para nada; para nós é o mesmo RONAUTICA que o Clube de lates, exactamente igual; ¿qué ún é lucrativo e o outro non?, mire, dígalle ós veciños de Baiona que cada vez que queren entrar na cafetería lle din “si eres socio entras, si no, no”, na cafetería e en tódalas súas instalacións; e o mariñeiro que vai alí a usar o travel, paga, cristianamente, como en RONAUTICA, exactamente igual; polo tanto deixe de xustificar ó Clube de lates dicindo que se tivo que presentar porque lle obrigaron. A mín me dá igual quen sexa o adxudicatario, me dá exactamente igual, a gran solución que nos presentan dende Portos de Galicia nós non estamos dacordo, seguimos sen estar dacordo porque primeiro nos venderon a burra os compañeiros do seu partido dicindo que RONAUTICA ía ser a solución dos fondeos, ¿se acorda?, e agora dicen que é a lámina de auga, e venderán todo, coa mesma filosofía política acabarán vendendo absolutamente todo, e si RONAUTICA ten unha exposición de barcos continua e constante é culpa de vostedes os que están gobernando, os gobernantes de Baiona son os culpables, a ver que van a facer agora co proxecto do Plan Xeral e co desenrolo do Plan Especial, a ver que van a facer vostedes cos máis de 11.000 m² que pretenden facer de edificabilidade, a ver, porque lle recordo que

falta o dobre de recheo e 11.000 m2, según eles, de edificabilidade, a ver como defenden ahí o medio ambiente.

Polo tanto o que temos que decir é que non vamos a entrar en estratexias do Partido Popular, pero que sí fixemos os nosos deberes, nós xa presentamos as alegacións, e iso é todo canto temos que facer e canto podemos facer, e cada vez que veciños de Baiona, os mariñeiros, e a Corporación, queiran facer calquer acto para defender os intereses da bahía de Baiona, nós vamos a seguir estando onde estivemos sempre, por coherencia, nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Me encanta que o Sr.Fernández, en nome do BNG, presentara alegacións que foron copiadas literalmente das do Concello, pero bueno, é unha estratexia: eles copian literalmente as alegacións que fan os Concellos e as botan en nome do BNG e logo chegan aquí e non queren votar a favor do PP, isto é así, é unha estratexia hábilmente deseñada polo Sr.Fernández.

Eu procuro ter as ideas claras con relación a este tema e non me costa recoñecer as cousas. Mire vostede, no tema de RONAUTICA hai un tema que se chama o Plan de Usos, e neste Plan de Usos é competencia da Xunta de Galicia autorizar recheos na zona de portos, moi ben, ahí hai un recheo autorizado que eu non teño inconvinte, dende o noso punto de vista, en que se remate; o que sí é certo é que hai que cumprir o pactado, primeiro, que ese recheo que se debe rematar ten que levar un paseo perimetral aberto a tódolos cidadáns, ten que levar un aparcadoiro soterrado que resolva o problema do volume de tráfico que xenera o uso dese porto; ten que levar unha escola de vela, ten que levar unha capitania, co que nós non estamos dacordo é na edificabilidade, por iso eles estaban esperando que lles chegaran aquí novos tempos para os seus intereses e por iso non queren resolver ese tema que afortunadamente espero que o Plan Xeral defenda e polo menos faga unha proposta sensata sobre ese tema da edificabilidade, que é o gran contencioso que temos con RONAUTICA; primeiro que rematen o recheo, que fagan o paseo perimetral, que fagan o aparcadoiro soterrado, e que teñan a edificabilidade sostible que un porto deportivo en primeira liña debe ter.

Esto é o que nós defendemos e seguiremos defendendo e creo que esa é a liña do goberno municipal porque o teño falado e reflexionado moitas veces co Alcalde; non confundamos os términos, porque eu son consciente tamén de que un porto deportivo xenera riqueza, a presenza de barcos cando se fai de xeito razoable, cumprindo o pactado, iso nunca é malo para Baiona; o que é malo é que se faga un dique de protección, se una ese dique ós pantaláns e se utilice ese dique como atracadoiro de buques, sabendo como o sabía Portos de Galicia, e non se faga nada para evitalo; iso é o grave; e iso é o que hai que evitar; e ¿cómo se evita? se evita con planeamento, asumindo responsabilidais por parte de Portos de Galicia, porque Portos chega a Baiona e se cree que é un terreo conquistado, se cree que se pode gobernar; claro, desgraciadamente os Concellos non temos tódala autonomía municipal que deberamos ter, porque estou seguro que si tiveramos nós competencias RONAUTICA non faría os abusos que actualmente está facendo, contra eso é contra o que hai que loitar, porque ó fin e ó cabo nós somos de Baiona, coñecemos a bahía de Baiona e somos partidarios de que ten que evolucionar, antes había fondeos, agora hai pantaláns incluso para os pescadores, nós non vamos contra corrente das novas tecnoloxías, hai que aplicálas á nosa bahía, hai que ser competitivos; o que non pode ser é que Baiona se convirta nestes intres nun refuxio de embarcacións alleas ós veciños de Baiona, que chegan aquí, traen unha embarcación e a fondean de calquer maneira, iso non pode ser; teñen que estar reguladas, ou ben teñen a sua praza de atraque ou non poden estar aquí ocupando un espazo que non lle corresponde; que vaian para outros portos; contra iso é contra o que temos que loitar, e esas son as ideas claras que hai que ter dende un goberno municipal. Sigo pensando que esta moción sigue unha lóxica aplastante contra unha aberración que pretende facernos Portos de Galicia; de igual xeito que a RONAUTICA, temos que exixirlle que cumpra estrictamente a concesión, e que o volume edificatorio que teña que facerse sexa o que lle marque o Concello, e penso que vostede coñece a miña idea e sabe que estamos contra eses 11.000 m2 que é unha auténtica barbaridade ubicar ahí en primeira liña de recheo. Por iso RONAUTICA non é un socio, podíamos dicir, agradable en Baiona, porque está en defensa dos seus intereses. E comparto con vostede unha idea: nestes momentos están utilizando a plataforma

como unha exposición de barcos de compraventa que a mín me senta fatal, pero quen ten que actuar é Portos de Galicia. Nada máis, moitas gracias.

SR.ALCALDE.- Un par de aclaracións: eu rogaría que cando se fala do novo Plan Xeral antes se lea o mesmo, non vaia ser que se cometan erros ou se digan tonterías nos periódicos que logo non sexan certos; en Baredo se fala de zona deportiva, non se dixo campo de golf, vostede estivo presente na exposición que fixo o equipo redactor e alí se falou de posibilidades; agora, está calaro que unha zona de 800.000 metros de esparcemento non vai a ser dende logo edificable, vai ser zona deportiva de recreo, e será o que queiran os comuneiros e o Concello de Baiona. Pero tamén sería interesante que poideran ver a parte que corresponde ó Porto deportivo de RONAUTICA antes de falar, non vaia a ser que igual pensan que a proposta do equipo redactor é moi agresiva no sentido de pouca edificabilidade, igual nos piden que haxa máis edificabilidade alí. Cando faláron antes de que Portos de Galicia acabou aprobando o que presenta o Monte Real, en total houbo 5 proxectos presentados, 2 de RONAUTICA, e 3 de Monte Real, e o menos agresivo de todos foi éste; é dicir, ante as presións dos veciños, da Cofradía de Pescadores, ante todas as presións, Portos de Galicia non se atreveu a darllo doutra forma máis agresiva, o que ocorreu é que con as prisas se fixo un proxecto que técnicamente é imposible levar a cabo porque non entran os barcos que dicen; e si poñen menos barcos dende logo a repercusión, o que é o estudio económico-financieiro, non vai ser posible. Laura, tes que saber que un estudio económico-financieiro dunha concesionaria é aprobado por Administración, e si non se cumpre a Administración é responsable tamén; hai que saber un pouquiño máis do que é un contrato administrativo. O que está claro é que estamos falando de algo irrealizable.

O problema está encima da mesa, nós, o equipo de goberno, non queremos a lámina de mar na Barbeira, non queremos privatizar 36.000 m2, iso é así, esta é unha forma de expresálo, o fixemos doutras formas e seguiremos facendoo; por certo, a ver si o Presidente de Portos ten a valentía de recibirnos aquí ou en Santiago, simplemente para eso, e incluso eu vou con meu amigo Xosé Enrique, ou con meu amigo Rafael, ou con Manolo, con todos, ou que veña él aquí a Baiona, non hai problema, pero que veña, queremos planificar a bahía de Baiona, que non teña medo que non pasa nada, podemos dar roda de prensa porque non nos recibe no seu despacho, pero non por outro motivo. Sobre todo que nos reciba, e que si quer que no Plan Xeral se fagan as cousas como se teñen que facer, ten que entrar a negociar; pero para empezar nós decimos non á lámina de mar de 36.000 m2, iso é o que queremos dicir, e ésta é outra forma máis de dicir que non, pero temos moitas máis e dende logo vamos a seguir adiante contra esto porque nos parece que non é xusto e se está tratando de masificar Baiona porque é fácil, porque está protexida, porque non costa nada, ¿porqué en Panxón Portos non fai nada?: porque costa 3 ou 4.000 millóns de pesetas a infraestrutura; non é polo Alcalde que teñen.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 6 en contra, PSOE; producíndose 2 abstencións, BNG.

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- Informar desfavorablemente o proxecto da ocupación de dominio público portuario no Porto de Baiona para a construción e explotación dun fondeadoiro para a navegación recreativa redactado pola enxeñeira María Jesús Rocha Novo dada a inviabilidade do mesmo.

Segundo.- Remitir o presente acordo ó Presidente de Portos de Galicia.

9.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ELECCIÓN DE XUÍZ SUBSTITUTO.-

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra ó Sr.Rodal, PP.

SR.RODAL, PP.- Debido ó falecemento do anterior xuíz substituto D.Rotilio Balboa, excelente cidadá e mellor persoa, a Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza acorda que o Concello de Baiona elixa un novo xuíz de paz substituto, presentándose unicamente o Sr.D. Gerardo Carballal Villaverde, o cal reúne tódalas condicións legais que estipula dito cargo. Polo que instamos ó Pleno o seu voto favorable neste punto da Orde do Día. Moitas gracias.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Creemos que reúne as condicións legais presentadas nas bases, pero creemos que non reúne as condicións legais que debe ter un xuíz de paz dentro da estrutura xudicial; entendemos que que unha persoa se presente nunha destas convocatorias é lexítimo, o que non creemos que sexa acertado, politicamente, lexítimo politicamente, é que se transfiera ó Pleno para súa aprobación; unha persoa que é coñecida polo seu activismo no Partido Popular, cando realmente a súa obxetividade e independencia, que son as características fundamentais que debe ter unha persoa integrada na estrutura xudicial. Eu creo que analizando a realidade política en Baiona na actualidade, onde son vostedes 8 concelleiros, onde esquerda en Baiona somos 8 concelleiros, e que o desequilibrio é un pacto político con CMÑ, eu creo que o mínimo debería ser, para un cargo destas características, un principio de acordo ou de consenso, que seguro que si se houbera producido, e a súa proposta fora este señor, non pasaría nin siquera a primeira criba; como non pasaría a primeira criba un destacado activista do PSOE ou do BNG.

Polo cal para nós é unha provocación, unha desfachatez e un disparate, absolutamente; é un cargo que se lle pode menospreciar ou minusvalorar, pero ten a importancia que ten, que as súas decisións son incluso recurribles ante unha instancia superior, en cuestións civís ante o Xulgado de Primeira Instancia, en cuestións penais ante o Xulgado de Instrucción, é dicir, creemos que a obxetividade e a independencia desta persoa non é adecuada, e que a metade da poboación de Baiona pola súa ideoloxía ou pola súa acción política, creemos que vai a verse perxudicada.

E sabemos, obviamente, que a lexislación permite que o 99% dos maiores de idade en Baiona podan ser xuíces de paz, polo cal o mínimo que exige o PSOE era un consenso neste caso. Moitas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Anote a miña parte tamén Sr.Alcalde; anotea porque eu prudentemente lle pedín na Comisión Informativa que retirara a proposta e non o fixo; e o único que faltaba nas bases era dicir que era imprescindible posuír o carnet do PP, era o único que faltaba. Pero bueno, é unha condición que non era reñida co cargo; non é reñida, penso que non; en todo caso nesta cámara se votou polo actual Xuíz de Paz por parte do BNG a sabendas de que era militante do PP, e non pasou nada; pero creemos que neste caso xa é a gota que desborda o vaso, unha persoa que debe ser aséptica nese cargo, e non o é, en absoluto, partidista 100%, que se adica incluso a arrancar os carteis dos grupos municipais non afíns a él en plena campaña electoral, do que existen documentacións gráficas, persoa denunciada en varias ocasións por irregularidades urbanísticas, incluso patrimoniais, e unha persoa tan irresponsable que provocou un incendio este verán por falta de responsabilidade e que lle pediu á Policía Local que lle fixeran unha fotografía cunha manguera, ademais polo estilo do señor Feijoo, unha manguera de 5 metros, cando a toma de auga estaba a 50, para burlar á xustiza, co único fin de burlar á xustiza; unha persoa así de verdade que non nos parece a máis equilibrada para ocupar o posto de substituto de xuíz de paz. Polo tanto nós pediríamos que retiraran esta proposta, que a reconsideraran, e que polo ben de tódolos veciños de Baiona, aínda que sexa outra persoa como é agora o actual xuíz de paz, que non teríamos inconveniente en volver a pórlo no cargo outra vez, creemos que o substituto debe ser unha persoa máis responsable e sobre todo máis aséptica para que poida dicir, como decía o compañeiro do PSOE, obxetiva e independente no seu cargo. Pedimos que retiren a proposta e reconsideren a proposta.

SR.VILAR, CMÑ.- Despois de escoitar ós portavoces, chego a unha conclusión, para mín tódolos cidadáns son honrados mentres non se demostre o contrario, esa é unha premisa que temos que admitir todos os demócratas, polo tanto se trata de que hai que ocupar este cargo, o Concello de Baiona cumpríu os trámites, publicoullo no B.O.P., como é preceptivo, e se presenta soamente un cidadá, unha persoa que dende o noso punto de vista pode ter a ideoloxía política que queira, podía ser do BNG, do PSOE, ou de calquer grupo, pero non deixa de ser un cidadá honesto e normal como tantos outros que forman a inmensa maioría dos veciños de Baiona; polo tanto dende o noso punto de vista non hai nada en contra de que esta persoa poida desempeñar este cargo de xuíz de paz, independentemente da súa ideoloxía; para mín esto non é algo co que poida estar en contra; é máis, penso que as veces as persoas que están metidas en política e teñen unha ideoloxía política, son persoas que creen que hai que adicarlle tempo á sociedade para cambiála, para facéla mellor, por tanto que un home sexa político para mín non é unha cousa negativa como se pode pensar; todo o mundo ten unha ideoloxía, uns a poden exteriorizar, outros non, pero o feito de que se exteriorice iso non xustifica que teñamos que metélo no libro negro e tachálo. Creo que o Sr. Gerardo Carballedo Villaverde pode ser un bó xuíz substituto e que pode desenrolar a súa labor con toda honestidade e con toda imparcialidade. Paréceme ben e polo tanto o vamos a apoiar.

SR.ALCALDE.- Sinceramente creo que os portavoces do PSOE e do BNG cruzaron a liña da indignidade persoal porque temos que recordar que a Lei é a que é, e aquí non hai unha proposta de partido político, parece que aquí había que chegar a un acordo de a ver a quen se nomeaba; aquí hai unha convocatoria libre para calquer persoa que cumpra uns requisitos determinados e nesa convocatoria se presenta D. Gerardo Carballedo como se pudo haber presentado calquer outro. Cando falamos de confidencialidade, de datos sensibles, hai 3 datos importantísimos que deben protexerse ó extremo que son fundamentalmente tema sexual, relixión, saúde e a opción política, e neste caso se están saltando totalmente eses principios básicos e dicir que un militante do PP, por certo me gustaría saber si teñen constancia de que é militante do PP, si teñen algo, porque igual están falando por falar, pero ser militante do PP é tan negativo como selo do BNG ou do PSOE, él vai a desempeñar outra función, por tanto me parece indigno por parte de 2 portavoces destes 2 grupos políticos que se poida chegar a estes extremos, e senón empezariamos a cuestionarnos todos si debe ser un director dun Centro militante dun grupo político ou a Presidenta dun AMPA ser concelleira do PSOE, ou si un mecánico pode ser do BNG. Cada un, a nivel profesional, pode ser o que ten capacidade para ser e a nivel político o que lle pete, o que lle dé a gana, e senón vamos a unha sociedade diferente, nos vamos a Cuba, e xa está, e ali os que non son de determinada ideoloxía van á carcere, e senón teñen que escapar; esta é unha democracia e dende logo, porque entraron xa en temas persoais, a mín me da vergoña aínda que fora militante do PSOE ou do BNG que se trate así públicamente a unha persoa. Senón queren votála, me parece correctísimo, pero non fai falta chegar a eses niveis de desprestixio persoal e humano, polo tanto me parece que se pasaron da raia, ao mellor buscando protagonismo dentro dos seus partidos pero de verdade que neste punto polo que atañe a unha persoa que non está presente e que ten os méritos que marca a Lei, nin ún máis nin ún menos, se esté chegando a esas descalificacións; me parece gravísimo pero non a nivel político, senón a nivel persoal. Non vou a entrar en debate e vamos á votación.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Dende logo algo ten que ver con vostede porque menuda defensa, a súa obxetividade como Alcalde tampouco se está producindo neste momento, é impresionante o que acaba de facer. Eu dixen activista, non militante, que lle quede claro, e a Lei é a que é, claro que sí, e dixen que era unha proposta lexítima do cidadá presentarse a esa convocatoria; o que dixen é que era unha desfachatez traélo a este Pleno, iso foi o que dixen. Claro que a Lei é así, e tamén dixen que presentarse as bases da convocatoria era correcto, do que non estou seguro é de que poida desempeñar ese cargo; a lei, o regulamento 395, de xuíces de paz, así como a lei orgánica do Poder Xudicial, no art.395, dí que non poderán ser, pertencer a partidos políticos ou sindicatos; a Lei é a

que é e unicamente será a súa responsabilidade que a Sala de Goberno do TSXG, ou a instancia da fiscalía, poda aceptar ou non o cargo que este Pleno lle proponga; nada máis, é unicamente unha cuestión de responsabilidade política, e realmente non parece obxectivo como Alcalde neste Pleno a defensa que acaba de facer, polo tanto empezamos mal co cargo: ademáis que quede moi claro algo, cada vez que propoñen vostedes a alguén parece que temos un prexuízo persoal contra esa persoa, e non é así, non temos ningún prexuízo persoal nin familiar nin profesional contra Gerardo Carballal, ningún, será unha persoa completamente válida e competente en calquer ámbito da vida, obviamente, pero é un activista do PP, apoderado e interventor en moitísimas eleccións, e ¿sabe o que pon a lei orgánica do Poder Xudicial?, que non pode participar xa máis nesas eleccións si é xuíz de paz, lle vai a dar un disgusto nas próximas eleccións.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, vostede se encargou de matizar a cuestión política e dixen que aínda a sabendas da ideoloxía política do señor Oscar, actual xuíz de paz, o BNG apoiou a súa candidatura, polo tanto non mezcle allos con cebolas, o que temos que deixar claro é que consideramos que non é a persoa adecuada para este cargo; e eu pedínlle na Comisión Informativa que non truxera esta proposta como punto da Orde do Día, e non o fixo, alá vostede.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 8 en contra, 6,PSOE, 2, BNG.

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- Nomear a D. Gerardo Carballal Villaverde xuíz substituto do Concello de Baiona.

Segundo.- Remitir o presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

10.-MOCIONS.

MOCION DE URXENCIA DO P.P..-SUSPENSION DE LICENZAS EN AREAS DETERMINADAS.

Polo Sr.Alcalde se somete a votación a urxencia resultando aprobada por 11 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ, 2, BNG), producíndose 6 abstencións do PSOE.

MOCION RELATIVA A SUSPENSIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS

Os concelleiros integrantes do grupos abaixo asinantes do Concello de Baiona, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte

MOCIÓN URXENTE

Logo da presentación do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona por parte do equipo redactor SERVICAT e a vista da proposta de suspensión preventiva de licenzas urbanísticas anticipada ó acto de aprobación na seguintes áreas e segundo plano adxunto,

- Solo rústico en todas as súas categorías

- Solo urbanizable en todas as súas categorías
- Solo de núcleo rural en todas as súas categorías
- Solo urbano incluído no novo plan como áreas de repartición ou como áreas de plan diferido.

Resultando que o artigo 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural modificada pola Lei 15/2004 determina que *“1.Os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanísticos poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, co fin de estudar a súa formación ou reforma.*

O devandito acordo deberá publicarse no diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia” Consonte o apartado 3. do mesmo este artigo esta suspensión

2. O acordo da aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naqueles ámbito de territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación de ordenación urbanísticas vixente; para estes efectos detreminará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

3. A suspensión a que se refire o número 1 anterior extinguirase, en todo caso, no prazo dun ano. Se dentro deste prazo se producise acordo de aprobación inicial, a suspensión manterase para as áreas nas cales as novas determinacións de planeamento supoñan modificación de ordenación urbanística.

A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos contando dende a devandita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva.”

E POR ISTO polo que propoño ós membros do Pleno a adopción o seguinte acordo:

Primeiro.- Suspensión preventiva de licenzas urbanísticas na seguintes áreas e segundo plano adxunto,

- Solo rústico en todas as súas categorías
- Solo urbanizable en todas as súas categorías
- Solo de núcleo rural en todas as súas categorías
- Solo urbano incluído no novo plan como áreas de repartición ou como áreas de plan diferido.

Segundo.- Insertar anuncio de suspensión no DOG en un diario de maior difusión da provincia.

SR.LORES, PSOE.- Dende o PSOE xa se comprobou e non votamos a urxencia porque non temos clara esta urxencia, nós entendemos que a suspensión ven pola aprobación inicial e todo o que se prolongue esta suspensión de licenzas é problemático, entendemos que o Plan Xeral presentouse o outro día, tócalle, correspondolle, ó equipo de goberno, tomar as decisións para xestionar todo o proceso e o procedemento, e polo tanto tampouco imos a votar en contra da moción posto que lle corresponde ó equipo de goberno. Pero tamén queremos deixar claro que é responsabilidade vosa tomar esta decisión e que non vale que despois se utilice para dicir “son vostedes non sei que, ou hai

que chegar a un acordo porque hai unha crisis nas licenzas”, eso non vale, si estamos prolongando o parón das licenzas é responsabilidade, non pode ser despois un condicionante. A nós parécenos ben que o equipo de goberno xestione todas estas situacións porque está para xestionálas, pero non para non xestionálas e despois dicir que hai problemas, polo tanto o que queremos deixar claro é que esta é unha responsabilidade única do equipo de goberno e que nós nos imos abster nesta Moción.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A nós parécenos apropiada a postura de suspender as licenzas. O que sí lle pediríamos é que cada vez que presente unha moción deste tipo que nos lla dean con tempo e forma para poder leela, estudiála e preparála. Nós vamos a votar a favor, esperemos que os que vamos a traballar por levar adiante o PXOU, como non pode ser doutra maneira, tratemos de mellorálo no que é a nosa perspectiva; polo tanto nos parece prudente que se suspendan as licenzas e que se resolva esta cuestión o máis rapidamente posible por 2 motivos, ún, pola parte económica que lle corresponda ó Concello, dos ingresos, é importante, unha partida importante, e outra resolver as necesidades de tódolos veciños; polo tanto, para evitar males maiores creemos que sí deben suspenderse as licenzas oportunamente.

SR.ALCALDE.- Puntualizar que non podemos darllo antes polo tema da premura pero aclarar que esta é unha proposta que fai o equipo redactor dentro do propio documento; no documento aparece a petición por parte deles da suspensión.

SR.VILAR, CMÑ.- Da a impresión de que suspendendo licenzas nos vamos a meter nun callexón sen saída, non é iso; simplemente todo isto ten unha lóxica e que a proposta que fai o equipo redactor non se vexa entorpecida por unha serie de licenzas que poidan dificultar o desenrolo do futuro Plan, lóxicamente pode darse agora algunha licenza que esté ocupando un vial, por exemplo, previsto no plan, e iso o dificultaría; o goberno, igual que ten agora capacidade para suprimir licenzas, en calquer momento incluso dentro do prazo pode levantar sectorialmente esa suspensión de licenzas sempre que non se contradigan co planeamento vixente; este é un pouco o obxectivo porque non olvidemos que a concesión de licenzas é algo que está reglado e senón tomamos esta medida calquer persoa que presente un proxecto pois pode reclamarlle incluso ó Concello os costes dese proxecto, os gastos que fixo, os dereitos que dalgún xeito ten; polo tanto creo que esta é unha medida que hai que desdramatizar, o que sería desexable é que unha vez que xa está o proxecto na Xunta de Galicia, do Plan Xeral, que a propia Xunta se percate de que vamos en serie co planeamento urbanístico que propomos, que contesten, que non dilaten o tema do Plan Xeral, esperemos encontrar colaboración institucional para que este Plan vaia adiante, iso sería o desexable e que todo o mundo participe.

Hai que facerlle ver ós cidadás que calquer licenza que agora se presente e que non contradiga o Plan Xeral pois que o Concello ten mecanismos dabondo para levantar parcialmente as licenzas en determinados sectores e que se siga coa súa tramitación, isto pode ser en núcleos rurais, zonas urbanizables, etc. Creo que isto é o que hai que transmitir; me parece que é unha medida apropiada, o sentido común nos dí que así hai que facélo entre outras cousas porque Baiona xa ten un plan xeral vixente que dá dereitos ós cidadás e hai un novo Plan Xeral en expectativas que creo que vai a seguir mantendo os mesmos dereitos, pero posiblemente ao mellor nalgúns casos suxetos a outra ordenación territorial; polo tanto creo que o futuro pasa por traballar todos xuntos en aras a un consenso da planificación urbanística de Baiona, é unha medida lóxica e valiente incluso que demostra que temos todos unha intención clara de levar adiante o Plan Xeral. Como non pode ser doutro xeito o noso voto é favorable pero sí con esta matización de sacarlle ferro a este tema da suspensión de licenzas, que creo que tal é como está Baiona faise imprescindible facer.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 11 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ, 2,BNG), producíndose 6 abstencións, PSOE.

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- A suspensión preventiva de licenzas urbanísticas na seguintes áreas e segundo plano adxunto,

- Solo rústico en todas as súas categorías
- Solo urbanizable en todas as súas categorías
- Solo de núcleo rural en todas as súas categorías
- Solo urbano incluído no novo plan como áreas de repartición ou como áreas de plan diferido.

Segundo.- Insertar anuncio de suspensión no DOG en un diario de maior difusión da provincia.

11.-ROGOS E PREGUNTAS.

CONTESTACIONES AS SEGUINTE PREGUNTAS FORMULADAS POLO SR.FERNANDEZ, BNG, NO PLENO DO DERRADEIRO 29 DE OUTUBRO.

1º.-¿Porqué motivo están paradas as obras do río Groba no seu desdoblamento en Sabarís?.

SR.ALCALDE.- Xa estaba contestada.

2º.- ¿Existe algún acordo, permiso, ou licenza, para colocar unha pasarela metálica no río Groba para comunicar as parcelas do Caramiñal coas da outra ribeira do río?.

SR.ALCALDE.- Parece ser que é unha pasarela que xa existía antigamente e era un acordo do propietario con Augas de Galicia.

3º.- ¿Existe algún acordo, permiso, ou licenza, para rechea a finca do Caramiñal?.

SR.ALCALDE.- Non sabemos si o hai con Augas de Galicia, nós enviamos un informe a Augas de Galicia de deficiencias que todavía quedan no río e tamén á COPTOPV por deficiencias existentes na desembocadura da Ladeira porque creemos que son temas a correxir.

4º.- ¿Existe algún acordo asinado, ou sen asinar, co propietario da finca do Caramiñal, en Sabarís, o Sr.Javier Cendón, para levar a cabo as obras do desdoblamento do río Groba, pola sua finca?.

SR.ALCALDE.- O que ten dentro do Plan Xeral, nin máis nin menos; non hai acordo ningún.

PREGUNTAS

SR.ALCALDE .- Sr.Fernández ¿fixeron algún estudio técnicos do BNG ou da Consellería dentro da finca do Caramiñal?.

PREGUNTAS do PSOE.

SR.LORES.- Quixera preguntar, para ó próximo Pleno, por suposto, cantas solicitudes houbo no Casco Vello, de redución da taxa da recollida de lixo, cantas houbo, cantas se concederon, cantas se denegaron e cales foron as causas. Moitas gracias.

PREGUNTAS do BNG.

SR.FERNANDEZ.-

1º.- ¿Ten coñecemento o Alcalde da situación do encoro?.

SR.ALCALDE.- Si.

2º.- ¿Para canto tempo, según as previsións atmosféricas, temos auga?.

SR.ALCALDE.- Faran un informe que teremos a próxima semana.

SR.FERNANDEZ.- A ver si nos poden pasar eses datos.

3º.- ¿Ten prevista algunha medida a tomar?.

SR.ALCALDE.- Empezamos con medidas xa fai un par de meses dando información nos medios de que hai que controlar o tema da auga; e según o nivel faremos a previsión futura porque choveu un par de días; según a previsión que teñamos, actuaremos. Estamos en contacto con Protección Civil por si fora preciso adoptar medidas conxuntas a nivel galego.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas e vinte minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.